

ANEXO I: AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO
INFORME DE SEGUIMIENTO DOS ANOS 2013/14 A 2016/17

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	Programa de doutoramento en Tradución e paratradución da Universidade de Vigo
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	Universidade de Vigo
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	- -
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	EIDO, Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo
CÓDIGOS ISCED	223 Tradución e interpretación
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013-14
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	25/09/2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	25/09/2019

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Interese académico e actualización. O Programa de doutoramento en Tradución e paratradución, herdeiro doutro programa xa extinto que tiña o mesmo nome, implantouse na Universidade de Vigo no curso académico 2013-14 consonte ao indicado na memoria verificada para a solicitude de títulos oficiais (E1 Memoria Vixente, E2 Informe final de verificación). O programa mantén o seu interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e os avances científicos deste campo de estudo. De feito, e como figura na memoria vixente, o anterior programa de doutoramento en Tradución e paratradución xa obtivera unha mención de calidade (E3 - Doctorados con mención de calidade) en atención aos méritos de investigación acumulados polos seus membros e á traxectoria do programa:

La edición 2008-2010 del actual programa D_T&P ha sido distinguida por el Ministerio de Innovación y Ciencia con la mención de calidad. Esta distinción representa un reconocimiento a la solvencia científico-técnica y formadora del programa y del cuadro docente que lo compone. En la valoración de la Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), referencia 2008-00158) tanto la “Justificación de la propuesta del programa” como la “Propuesta de

las actividades de formación previstas” habían recibido una puntuación de 90 sobre 100, mientras que a la “Garantía de Calidad” incluso se valoraba con 95. El “Historial investigador” de los años 2003-2007 del profesorado se evaluaba con 83 sobre 100, lo que fue destacable, ya que la edad media era de 44 años. Aunque el número de tesis doctorales todavía no era muy elevado en las fechas comentadas, debido a que el programa de doctorado sólo contaba con 5 bienios hasta aquella fecha, la valoración de las “Contribuciones científicas relacionadas directamente con las tesis” fue 63 sobre 100.

Nivel 4 do MECES. O programa de doutoramento estase desenvolvendo de acordo coas pautas e criterios establecidos na memoria de solicitude verificada E1 e non sufriu cambios nin modificacións que desen lugar a procedementos de modificación nin a unha nova verificación. Por outra banda, a Comisión académica do programa de doutoramento pode afirmar que se garante o cumprimento do nivel 4 do MECES para estes estudos; esta afirmación baséase nas análises e valoracións da propia comisión académica, do profesorado responsable de cada unha das liñas de investigación, de cada un dos doutores e doutoras membros do programa e nas opinións do alumnado expresadas a través das enquisas institucionais (cf. as evidencias achegadas para os criterios 3 e 6.4).

Perfil de egreso. No momento de redactar o presente autoinforme, este programa de doutoramento non ten aínda egresados, pero o seguimento personalizado que se fai de cada un dos doutorandos e doutorandas, así como as avaliacións anuais dos Plans de investigación e do Documento de actividades (EPD4 Evidencias da realización das actividades formativas e EPD5 Informe de avaliación anual da Comisión académica) permítennos afirmar que o noso alumnado está a adquirir axeitadamente as competencias e destrezas básicas indicadas no artigo 5 do RD 99/2011, o que lles permitirá desenvolver labores de investigación no eido dos Estudos sobre tradución. As avaliacións anuais dos Plans de investigación e dos Documentos de actividades de todo o alumnado foron sempre positivas ata o momento presente e contaron co aval dos respectivos directores e directoras de tese. Por outra parte, unha grande porcentaxe dos doutorandos contan no seu curriculum académico con

publicacións en revistas e volumes internacionais e presentación de relatorios en congresos especializados.

Outro elemento que asegura a relevancia do perfil dos futuros egresados é que os Plans de investigación de todas as teses en curso se adaptan ás liñas de investigación recollidas na Memoria vixente, que á súa vez responden aos diferentes intereses dun campo de investigación tan amplo como o dos Estudos de tradución. Isto pódese comprobar, por exemplo, na xa extensa relación de impactos internacionais do concepto de paratradución así como da produción científica tanto dos doutores e doutoras membros do programa como de moitos dos seus respectivos doutorandos e doutorandas. Pódense consultar a este respecto os seguintes documentos:

- "[Bibliografía de las publicaciones del Grupo de Investigación Traducción & Paratraducción \[T&P\]](#)", documento pdf de 50 páxinas que recolle as máis de 400 referencias bibliográficas das publicacións do grupo T&P actualizadas con data 08/12/17: 17 libros; 66 capítulos de libro; 43 artigos, 16 teses de doutoramento, 122 publicacións audiovisuais e 136 entradas en Blogs de Investigación. Documento accesible dende a páxina web do Programa de doutoramento en Tradución e paratradución: <http://paratraduccion.com/doctorado/paratraduccion/>.
- "[Bibliografía de los impactos científicos de la noción de paratraducción](#)", documento pdf de 19 páxinas que recolle todos os impactos acadados pola noción de «paratradución» ao aparecer citada en cada unha das 158 publicacións científicas redactadas en alemán, catalán, chino, español, francés, galego, grego, inglés, italiano, lituano, polaco, portugués brasileiro e ruso por investigadores/as nacionais e internacionais que non pertencen ao Grupo T&P e que foron recopiladas ata a data da última actualización (8/12/2017). Documento accesible dende a páxina web do Programa de doutoramento en Tradución e paratradución: <http://paratraduccion.com/doctorado/paratraduccion/>.
- "[Publicacións do Grupo de investigación Seminario de Lingüística Informática](#)", que recolle os 114 traballos (libros, capítulos de libro, artigos, relatorios publicados en actas, etc.) dos seus membros. Documento actualizado accesible en liña a través da páxina web do

Grupo de investigación Seminario de Lingüística Informática:
<http://sli.uvigo.gal/publicacions.html>.

- [Publicacións das compoñentes do grupo de investigación](#) Bitraga (Biblioteca da tradución galega), que recolle todos os traballos (libros, capítulos de libro, artigos, relatorios publicados en actas, etc.) elaborados no seo do grupo.

Malia a memoria vixente (E1) non especificar un perfil de egreso concreto, si enumera unha serie de parámetros que se haberán de ter en conta no procedemento xeral de seguimento dos egresados (punto 8.2 da Memoria vixente, E1). Trátase de criterios relativos á valoración do axuste entre a oferta e a demanda de doutores; valoración das competencias transversais interpersoais e das propias competencias transversais de investigación; valoración dos datos referidos aos ámbitos de contratación (universidade, centros de investigación ou empresas), aos factores de contratación, ás condicións laborais iniciais e aos déficits competenciais; valoración dos indicadores para a mellora do proceso formativo, etc.

Polo que respecta á inserción no mercado laboral, dado que o programa de doutoramento aínda non conta con egresados, non podemos ofrecer datos a este respecto. En todo caso, é moi relevante sinalar que a maioría dos doutorandos e doutorandas do programa son persoas activas no mercado laboral: nalgúns casos son tradutores e/ou intérpretes profesionais, noutros casos contamos con profesores e profesoras de distintas universidades e centros de ensino secundario de España e Portugal, traballadores por conta allea e algunhas persoas que reúnen dúas destas condicións. Así, por exemplo, contamos no noso alumnado con máis de 20 persoas (>50%) que se dedican profesionalmente á tradución, ben como autónomas ben como traballadoras por conta allea; 11 persoas (27,5%) vinculadas profesionalmente ás Universidades de Vigo ou ao ISCAP (Instituto Superior de Contabilidade e Administración do Porto); e 5 persoas (12,5%) docentes en institutos de ensino secundario e escolas oficiais de idiomas de Galicia e do País Vasco.

Estes datos sinalan unha importante característica do noso programa de doutoramento, e é que atrae profesionais de distintos ámbitos que buscan unha

maior cualificación e especialización para mellorar a súa situación laboral. Isto é especialmente relevante no caso do alumnado procedente de Portugal: o feito de sermos durante moito tempo o único programa de doutoramento en tradución de Galicia e do Norte de Portugal supuxo que as persoas que querían acadar o doutoramento acudían á Universidade de Vigo. Aínda que na actualidade xa existe un programa de doutoramento en Porto, seguimos a recibir candidaturas mesmo de egresados desa universidade.

Unha consecuencia desta alta porcentaxe de alumnado que xa está integrado no mercado laboral é unha elevada taxa de dedicación a tempo parcial, o que implica que os doutorandos e doutorandas precisan un prazo máis longo para rematar as súas investigacións, que á súa vez é un dos motivos polos que non contamos aínda con teses defendidas, aínda que temos varias próximas á súa conclusión.

Como se comentará no epígrafe 6.1., outros dous factores son determinantes para a dedicación a tempo parcial: a necesidade de moitos doutorandos/as de opoñer aos corpos de profesores de ensino secundario e a dificultade de acceder a bolsas que permitan unha dedicación ao doutoramento a tempo completo.

Atoparase máis información sobre inserción laboral no epígrafe 6.5. infra.

Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

O Programa de doutoramento en Tradución e paratradución perfílase como un referente único e imprescindible dentro da estratexia de I+D+i non só da Universidade de Vigo, senón do sistema universitario galego, xa que é o único programa de doutoramento deste ámbito de Galicia. Catro son os argumentos cos que podemos defender esta afirmación. En primeiro lugar, este programa de doutoramento ofrece unha continuidade na formación e na especialización a aqueles estudantes de grao e mestrado das tres universidades galegas que queren dedicarse á investigación; isto pódese comprobar na listaxe de universidades de orixe dos nosos doutorandos. Por outra parte, e como se sinalaba nos parágrafos anteriores, esta circunstancia faise extensible tamén ás universidades do norte de Portugal.

En segundo lugar, se reparamos nos perfís académicos dos doutorandos, poderemos comprobar que os estudos previos, tanto de grao ou licenciatura

como de mestrado son máis variados do que a priori se podería pensar. Isto é así porque o noso programa de doutoramento defende unha visión holística dos procesos de tradución e interpretación que se materializa no concepto de paratradución. Este concepto, creado e desenvolvido na Universidade de Vigo, no grupo de investigación que propón e desenvolve este programa de doutoramento e o Mestrado en Tradución para a comunicación internacional, permite estudar múltiples facetas da actividade humana e non só a tradución ou a interpretación, como demostran as teses de doutoramento lidas no programa de doutoramento anterior e as que actualmente están en desenvolvemento. Entre os temas tratados están a arquitectura, os videoxogos, o manga, o urbanismo, as identidades, etc.

En terceiro lugar, os grupos de investigación implicados no programa e que contribúen a desenvolver as súas liñas de investigación conseguiron avaliacións moi positivas en distintos programas autonómicos e estatais nos apartados de recursos humanos, proxectos de excelencia, redes temáticas, programas de consolidación, etc., como se pode comprobar nas evidencias relacionadas co criterio 4.

En cuarto lugar, e dando cumprimento a un dos obxectivos da Universidade de Vigo na súa estratexia de I+D+i, este programa de doutoramento, así como os grupos de investigación que o sustentan, fai un continuo esforzo por poñer a disposición da sociedade todos os seus resultados de investigación e o coñecemento científico xerado a partir deles. Boa mostra disto son:

- A páxina web do Programa de doutoramento, dende a cal se pode acceder a todas as publicacións en distintos formatos dos membros do programa de doutoramento e dos grupos de investigación.
- Os blogs de investigación de moitos dos profesores do cadro docente.
- As tres series de programas de televisión creadas no seo do Grupo de investigación Tradución & Paratradución: Píldoras T&P, ZigZag e Exit

Pódese acceder a todas estas referencias dende o documento "[Bibliografía de las publicaciones del Grupo de Investigación Traducción & Paratraducción \[T&P\]](#)", accesible a través da páxina web do Programa de doutoramento en Tradución e paratradución:

<http://paratraduccion.com/doctorado/paratraduccion/>.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria verificada vixente, ademais de establecer as condicións de acceso e admisión ao programa, recolle de forma explícita o perfil de ingreso que deben cumprir os candidatos e candidatas. O equipo redactor da memoria entendeu que debe existir unha estreita relación entre o perfil de ingreso e os requisitos de acceso, baseada máis nun proxecto de formación multidisciplinar que na simple posesión dun título universitario relacionado coa tradución e a interpretación. O enfoque holístico da tradución ao que se facía referencia en parágrafos anteriores, así como a concepción do noso campo de traballo como unha transdisciplina motivan que o perfil de ingreso se defina de xeito que dea cabida a egresados de múltiples graos ou licenciaturas que desexen estudar non só a tradución ou a interpretación, senón calquera outro ámbito do saber ou manifestación cultural a partir de perspectivas ou metodoloxías propias dos Estudos de tradución. Deste xeito, o perfil de ingreso queda definido na memoria vixente como segue (EDP1 Memoria vixente, p. 19):

Las características personales (sensibilidades, aptitudes, capacidades específicas) y académicas de aquellas personas que se consideran más adecuadas para iniciar el programa de doctorado en Traducción y Paratraducción son:

1. Inquietud, curiosidad, creatividad y sensibilidad por la investigación en Traducción e Interpretación o de cualquier ámbito del saber / manifestación cultural a partir de perspectivas y metodologías propias de los estudios de Traducción e Interpretación.
2. Conocimientos avanzados de por lo menos dos lenguas extranjeras (siendo una de ellas el castellano, el gallego o el portugués) y de sus

contextos culturales. El nivel de conocimiento de lenguas es el indicado por la Common European Framework of Reference for Languages: dominio de la lengua materna (o nivel C2) de gallego, castellano o portugués. Nivel C1 en otras dos de las lenguas de trabajo siguientes: inglés, francés, alemán o portugués.

3. Capacidades avanzadas tanto para la expresión oral/escrita como para la comprensión lectora en la primera lengua y en al menos una de las segundas lenguas.

4. Habilidad para apreciar la traducción e interpretación como fenómeno complejo en una sociedad cambiante y dinámica dentro de un contexto en vías de mundialización.

5. Capacidad para la aceptación y el análisis de la diversidad lingüística y cultural.

6. Habilidades avanzadas y sensibilidad para el manejo de herramientas de acceso a la información.

7. Habilidades sociales para el trabajo en equipo.

8. Disponibilidad para compartir y difundir el conocimiento.

A amplitude deste perfil reflíctese tamén nos criterios de admisión fixados na memoria vixente, nos que se establecen dous grupos por orde de prevalencia:


1. Máster en Traducción e Interpretación.

2. Máster en: Antropología Social y Cultural, Bellas Artes, Ciencias de la Información, Ciencias del Trabajo, Ciencias Políticas y de la Administración, Ciencias Políticas y Sociología, Comunicación Audiovisual, Derecho, Documentación, Economía, Estudios de Asia Oriental, Periodismo, Filología Alemana, Filología Francesa, Filología Gallega, Filología Hispánica, Filología Inglesa, Filología Portuguesa y demás filologías, Lingüística, Teoría de la Literatura y Literatura Comparada, Publicidad y Relaciones Públicas, Humanidades, Turismo, Administración y Dirección de Empresas, Filosofía, Historia, Sociología, Historia del Arte, Gestión y Administración Pública, Ciencias Actuariales y Financieras, Medicina, Geografía, Relaciones Laborales, Trabajo Social, Ciencias Empresariales.


Dado que segundo a normativa vixente é requisito indispensable para acceder aos estudos de doutoramento estar en posesión dun título de Mestrado, o programa considera que calquera dos mestrados anteriormente citados é abondo para asegurarlle ao alumnado a formación académica mínima precisa para encetar os estudos de doutoramento. Por outra parte, contribúen tamén a esta formación as distintas actividades formativas previstas na memoria (seminarios transversais e especializados, conferencias e obradoiros especializados, cursos, etc.).

Consideramos por todo isto que o perfil de ingreso é absolutamente coherente cos requisitos dunha titulación do nivel 4 MECES, así como coas liñas de investigación do noso cadro docente que reflicten tamén o carácter transdisciplinar e holístico do noso campo de estudo.

A evidencia EPD3 Perfil real de ingreso/egreso recolle información sobre as titulacións coas que o alumnado accede ao programa. A este respecto é relevante subliñar que, como se recolle no gráfico P1, o perfil máis habitual tanto nos distintos cursos como no conxunto é o dunha muller que cursou unha titulación de grao ou equivalente (300 créditos ECTS) e un mestrado oficial. Tanto os graos como os mestrados son maioritariamente en Tradución e interpretación ou semellantes, como a Licenciatura en linguas e literaturas modernas (portugués-inglés) da Universidade de Porto.




Aínda que a maior parte do noso alumnado provén dos estudos de grao, é importante destacar que seguimos a recibir inscricións de persoas que obtiveron un DEA (Diploma de estudos avanzados) ou a Suficiencia investigadora en ordenacións anteriores dos programa de doutoramento, tal e como se recolle no gráfico P2:



Este dato indica que o programa segue a ser atractivo para aquelas persoas que comezaron a súa formación doutoral con anterioridade á implantación do actual doutoramento.


Outro parámetro que paga a pena ter en conta na clasificación do alumnado é a súa procedencia, xa que este programa de doutoramento é un foco de atracción interesante para o alumnado de fóra do estado español, tanto do EEES (Espazo europeo de educación superior) como de fóra do EEES (en conxunto, 27,8% do total de persoas matriculadas no período), como se pon de relevo no gráfico P3:

P3. Procedencia do alumnado



Por último, cabe sinalar que nos dous últimos cursos obxecto de avaliación neste procedemento se matricularon no programa 2 persoas que xa posuían con anterioridade un título de doutoramento e que buscan acadar unha segunda especialización de nivel superior, tal e como se recolle no gráfico P4:

P4. Doutoramento previo



En resumo, todos estes datos reflicten unha demanda máis que razoable non só entre o alumnado de tradución e interpretación do Sistema universitario galego, senón tamén por parte de candidatos doutras universidades do resto do estado e de países do EEES, así como de de países terceiros.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Mecanismos de supervisión e control

Os mecanismos de supervisión dos doutorandos indicados na memoria vixente véñense aplicando con rigor dende a posta en marcha do programa de doutoramento, no curso académico 2013-14:

1. Unha vez matriculados os candidatos, asígnaselles un titor de forma inmediata. Se os doutorandos e doutorandas amosan interese por seren dirixidos por algunha persoa en concreto do programa, asígnaselle esta persoa como titora.
2. No prazo dun mes asinan o Documento de supervisión, sendo informados do seu contido e implicacións. Estes documentos están depositados na unidade administrativa da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.
3. Antes do prazo de tres meses asígnaselles unha dirección de tese (e codirección, de ser o caso).
4. Antes do prazo de seis meses os doutorandos e doutorandas presentan os seus planos de investigación, avalados polos directores e titores respectivos.

A partir deste momento, directores, titores e o secretario da CAPD supervisan o cumprimento de todos os prazos e obrigas dos doutorandos, asegurándose de que cobren as distintas fases deo doutoramento nos prazos establecidos pola normativa vixente e pola memoria do programa.

A asignación de directores faise tendo en conta a preferencia expresada polo alumnado e a adecuación a cada proxecto de investigación dos membros do

cadro docente. Nos contados casos nos que os doutorandos non expresaron a súa preferencia, a CAPD decidiu a asignación da dirección en función do tema e das liñas de investigación indicadas durante o proceso de preinscrición.

No correo electrónico de benvida (EPD4 Mecanismos de supervisión e control) que se lles envía a todos os novos doutorandos infórmase das principais fases e prazos do programa de doutoramento; entre outras cuestións, faise especial fincapé nos prazos para a asignación de dirección e para a presentación do Plan de investigación e na necesidade de manteren actualizado o Documento de actividades. Adxúntanse tamén os seguintes documentos:

1. O modelo do Compromiso de supervisión en galego e castelán.
2. Un esquema da estruturación xeral do doutoramento dende o punto de vista administrativo.
3. O Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.
4. A relación de doutores e liñas de investigación do programa.

Os documentos 2, 3 e 4 pódense atopar tamén na páxina web do programa de doutoramento.

Deste xeito asegurámonos que dende o ingreso no programa os doutorandos contan con toda a información precisa para cumprir coas súas obrigas e que coñecen tamén os seus dereitos e as obrigas do programa e dos seus membros. Mediante un sistema de alertas implantado na secretaría virtual da Universidade de Vigo, os responsables do programa teñen constancia dos procedementos administrativos ou académicos pendentes e dos seus respectivos prazos. O programa fai todos os esforzos posibles para que os prazos se cumpran escrupulosamente, como así vén sucedendo dende a súa implantación. Na evidencia EPD4 (Mecanismos de supervisión e control) déixase constancia do correo electrónico de benvida e os documentos a el adxuntos; mediante capturas de pantalla exemplifícase a aplicación informática da secretaría virtual.

Para continuar coa supervisión do traballo dos doutorandos, ao final de cada curso académico desenvólvese a sesión de defensa do Plan de investigación e do Documento de actividades. A convocatoria para esta sesión (anunciada previamente no correo de benvida ao programa) fáiselle chegar aos alumnos implicados cunha antelación dun mes. Para presentarse á defensa deben de contar coa aval dos seus respectivos directores ou directoras, que nun informe

escrito deberán deixar constancia do seu visto bo tanto ao Plan de investigación e ao traballo desenvolvido polos doutorandos como ao Documento de actividades. Tras as deliberacións do tribunal, asínase unha acta de cualificación e finalmente comunícaselles aos doutorandos e á unidade administrativa. A evidencia EPD5 (Informe de avaliación anual) recolle os informes das avaliacións anuais realizadas ata o momento presente.

Por todo o exposto anteriormente podemos concluír que o procedemento administrativo no que respecta á xestión do título é o axeitado e desenvólvese de forma idónea.

Normativa de lectura de teses

No que respecta ao depósito e defensa das teses de doutoramento, a memoria vixente (sección 5.3.) reproduce o establecido no capítulo 9, artigos 33 a 41, do Regulamento dos estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. Descríbense as diferentes modalidades de teses (tradicional, con mención internacional, en réxime de cotutela, por recompilación de artigos, con protección de dereitos). Non foi preciso, por iso, establecer unha normativa específica deste programa de doutoramento para o depósito e defensa das teses. A páxina web do programa recolle na súa sección "Documentos", ademais da memoria vixente, a "Guía rápida para a presentación dunha tese" elaborada pola EIDO, unha ligazón ás normativas de doutoramento da Universidade de Vigo (onde se poden consultar, entre outros, o "Procedemento para teses suxeitas a protección de datos" ou o "Procedemento para a obtención da mención de cotutela"), unhas "Normas de estilo para a presentación de teses de doutoramento" e unha "Guía de boas prácticas para a dirección de teses de doutoramento".

Malia o programa non contar aínda con teses defendidas do alumnado de novo ingreso, si se ocupou de xestionar os depósitos e defensas de tres teses do anterior programa de doutoramento en Tradución e paratradución. Por instrución da Reitoría da Universidade de Vigo, estas teses tramitáronse consonte a normativa contida no Real Decreto 99/2011. Deste xeito, tivemos a oportunidade de comprobar a idoneidade do conxunto do procedemento.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvólvense adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non proceden comentarios ao respecto xa que este non é un programa interuniversitario.

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Recomendación sobre empregabilidade.

Antecedentes: Cando no ano 2013 Programa de doutoramento en Tradución e paratradución recibiu a aprobación da solicitude de verificación do título que permitá poñer en marcha o programa, a ACSUG fíxonos a seguinte recomendación:

No se han encontrado evidencias de una previsión de datos de empleabilidad de los doctorandos durante los tres años posteriores a la lectura de su tesis. La información resultante de los estudios sobre la empleabilidad de los doctorandos del programa, será de especial revisión durante el seguimiento del título.

No seu momento (primeiro cuadrimestre do curso 2013-14) elaborouse un breve documento de traballo no que se expoñían algunhas previsións sobre empregabilidade e se propoñían mecanismos de control e seguimento dos egresados. A intención era engadilo á Memoria de solcitude do programa, pero unha vez aprobada esta non se podía modificar.

Con motivo da participación no programa de seguimento dos doutoramentos, dende a coordinación decidiuse actualizar ese documento de traballo para incorporalo ao autoinforme. O profesor Anxo Fernández Ocampo, redactor do documento orixinal, encargouse tamén da actualización. A presente versión do informe sobre empregabilidade inclúe datos de todo o período 2013-14 a 2016-17, que tamén figuran no autoinforme. Esta nova versión someteuse á aprobación da CAPD (6 febreiro de 2018), co obxectivo de ser incluída no autoinforme. A aprobación plasmouse nunha acta específica da reunión.

Informe sobre empregabilidade.

O procedemento xeral de seguimento dos egresados aliméntase dos criterios enunciados no punto 8.2 da Memoria vixente, E1, relativos á valoración do axuste entre a oferta e a demanda de doutores; a valoración das competencias transversais interpersoais e das propias competencias transversais de investigación; a valoración dos datos referidos aos ámbitos de contratación (universidade, centros de investigación ou empresas), aos factores de contratación, ás condicións laborais iniciais e aos déficits competenciais; e a valoración dos indicadores para a mellora do proceso formativo.

A coordinación do programa, coa axuda dos membros da Comisión Académica, confeccionará unha base de datos sobre cada doutor/a que defenda a tese co obxectivo de manter contacto de forma periódica con eles e elas a través de métodos participativos (enquisas e conversas) que fornezan información sobre a súa actividade profesional.

No citado autoinforme evocouse previamente a adecuación dos perfís de egreso á evolución das disciplinas concernidas polo programa de doutoramento. Mais tamén se declarou que no momento de redactar o informe este programa de doutoramento non ten aínda egresados. Polo tanto non é posible ofrecer datos sobre inserción de egreso no mercado laboral. Malia isto prevese un índice de ocupación laboral elevado se temos en conta a empregabilidade dos doutorandos e das doutorandas.

De feito, tomando como base os datos actuais do alumnado matriculado, a permanencia no mundo laboral ao longo do período 2013-14 a 2016-2017 mídese da seguinte maneira:

11 persoas (27,5) teñen un posto de PDI en organismos universitarios españois (Universidade de Vigo) e estranxeiros (caso do Instituto Superior de Contabilidade e Administración do Porto ou da universidade de Pernambuco).

5 persoas (12,5%) ocupan postos de funcionarios de Ensino Secundario ou Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia e do País Vasco.

Máis de 20 persoas (> 50 %) prestan servizos nas empresas ou se dedican profesionalmente á tradución, ben como autónomas ben como traballadoras por conta allea.

Unha persoa (2,5%) conta con contrato con cargo a un grupo de investigación da Universidade da Coruña.

Por unha banda é preciso lembrar que a coordinación e o cadro docente do programa son necesariamente o reflexo da universidade, que como institución tradicionalmente concentrada ás veces precisa desenvolver unha sensibilidade especial para comprender que os doutorandos e as doutorandas poden empregarse en postos de traballo alleos ao ensino superior. Por iso a CAPD insiste no feito de que se debe asumir que o alumnado egresado non ten por que traballar necesariamente en espazos universitarios, nin en postos de investigación nin de ensino.

Pode acontecer que o estudantado non exteriorice a súa preocupación pola empregabilidade. De feito, a súa participación nos estudos de doutoramento pode interpretarse, baixo certas circunstancias, como unha estratexia de negación, ou sinxelamente aprazamento da realidade do mercado de traballo. Este non é o caso do programa de doutoramento Tradución e Paratradución, na medida en que unha porcentaxe elevada do estudantado (92,5 %) coñece a inserción e compaxina ou compaxinou nalgún momento os seus estudos superiores coa vida laboral.

A natureza altamente transdisciplinaria do Doutoramento en Tradución e Paratradución correspóndese cun espectro de profesións nos que se combinan aspectos técnicos e lingüísticos, polo que as competencias deberán acomodarse

a perfís profesionais concretos. Neste sentido, a coordinación do programa anima ao alumnado a que faga valer diante da empresa privada e as institucións o valor engadido que lles dá o seu grao de doutor/a. Para entender claramente esta problemática, cómpre interpretar as competencias transversais investigadoras e interpersoais citadas na Memoria en termos de empregabilidade, transformándoas en tres novas clases de competencias que son as *operativas*, as *profesionais* e as *persoais*. Este abano de competencias propias da empregabilidade significa que cada unha das persoas doutoras egresadas acumulará tres tipos de competencias que xeralmente se atopan por separado entre o persoal dunha empresa ou institución.

As competencias *operativas* son xestionar proxectos, traballar en equipo, producir coñecemento durante reunións, elaborar informes, desenvolver unha rede, comunicar, avaliar, facer resumos, dominar linguas estranxeiras e redactar nelas, pescudar fondos. As competencias científicas consisten en dominar conceptos complexos, abstractos e teóricos, dominar e alimentar unha metalinguaxe, desenvolver a capacidade para transmitir e explicar eses coñecementos complexos, formular hipóteses, traballar de maneira interdisciplinaria e integrar a un proxecto os coñecementos doutras áreas. As competencias *persoais*, adquiridas pola experiencia traballando na elaboración dun proxecto mediante contacto seguido coa dirección da tese, con colegas e con informantes, son saber estar, amosar motivación, implicación, adaptabilidade a escenarios cambiantes e a requisitos diferentes, ter autonomía e capacidade para autoavaliarse.

Como se indicou previamente, no momento en que se redacta este texto non existe ningunha persoa egresada á que se lle poida medir o grao de inserción profesional a curto e medio prazo (3 anos).

Dado que semella que a inserción profesional é un proceso gradual sometido a cambios cualitativos, é preciso recoñecer que para coñecer a empregabilidade real cómpre manexar ferramentas sociais e estatísticas complexas a partir de datos fiables habitualmente fora do alcance da dirección dos programas de doutoramento. Por outro lado tamén esixe manexar datos de institucións que non dependen da propia Universidade e que non se recadan unicamente a partir da dispoñibilidade voluntaria das persoas egresadas. Este é especialmente o caso do Doutoramento en Tradución e Paratradución, na medida en que unha

porcentaxe moi significativa [92,5 %] xa traballa e habería que comprobar de que maneira o título de doutor/a transforma as condicións e o status laborais. De feito, os datos sinalan que o programa atrae profesionais de distintos ámbitos que buscan unha maior cualificación e especialización para mellorar a súa situación laboral. Isto é especialmente relevante no caso do alumnado procedente de Portugal: o feito de sermos durante moito tempo o único programa de doutoramento en tradución de Galicia e do Norte de Portugal supuxo que as persoas que querían acadar o doutoramento acudían á Universidade de Vigo. Aínda que na actualidade xa existe un programa de doutoramento en Porto, seguimos a recibir candidaturas mesmo de egresados da univesidade lusa.

Unha consecuencia da integración no mercado laboral dunha alta porcentaxe de alumnado é unha elevada taxa de dedicación a tempo parcial, o que implica que os doutorandos e doutorandas precisan un prazo máis longo para rematar as súas investigacións. Esta é unha das razóns polas que non contamos aínda con teses defendidas, aínda que temos varias próximas á súa conclusión.

Para concluír este informe sobre empregabilidade, sinalamos que antes ca medir graos de inserción a partir de indicadores, e precisamente para non limitarse a unha recollida pasiva de datos de empregabilidade, o esforzo principal debe poñerse no fomento activo e efectivo das competencias das persoas que obteñan o grao de doutor/a, dando información tanto ás institucións como ás empresas de varios sectores, sobre todo de maneira que a empresa privada sexa coñecedora dos méritos propios das persoas con título de doutor/a. Mais sobre todo é preciso que as propias persoas egresadas se convertan nos axentes máis activos á hora de promover o seu perfil. Para iso, ademais de atender as necesidades das institucións públicas, o programa fará o necesario para fomentar entre os doutorandos o interese cara ás saídas profesionais na empresa privada, facendo accesible a información na páxina web e enviándollela periodicamente ás empresas e ao resto dos grupos de interese. Para rematar, a dirección do programa ten previsto establecer as modalidades de organización dun seminario sobre emprego e promoción.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A coordinación do programa de doutoramento publica, principalmente por medio da páxina web <http://paratraduccion.com/doctorado/>, unha completa información sobre as características xerais do título, os procesos administrativos e académicos implicados, os resultados da investigación dos docentes e doutorandos, as actividades formativas e outras informacións relevantes para todos os grupos de interese (alumnado, PDI e PAS). Como xa se sinalou anteriormente, este programa de doutoramento e o grupo de investigación T&P no seo do cal se creou, ten ademais un especial empeño en transmitir á sociedade en xeral os resultados do seu traballo; con esta finalidade, o programa de doutoramento e os seus compoñentes son especialmente activos nas redes sociais (Twitter, Facebook, Academia.edu).

A páxina web <http://paratraduccion.com/doctorado/> actualízase constantemente, tanto para dar conta e alertar dos prazos e procesos administrativos e académicos como para ofrecerlles aos usuarios información sobre convocatorias de bolsas, ofertas de traballo, convocatorias de congresos, chamadas para a publicación de artigos en revistas ou monografías, etc. Esta páxina web cumpre de xeito satisfactorio cos criterios fixados no Anexo II

(Información pública) da Guía para o seguimento e a acreditación dos títulos oficiais da ACSUG, versión V1. 08.02.2017, pois inclúe os seguintes elementos:

- Denominación do programa
- Centro e universidade responsable
- Obxectivos/competencias do programa
- Perfil de ingreso
- Perfil de egreso
- Número de prazas de novo ingreso ofertadas
- Período e procedemento de matriculación
- Requisitos de acceso e criterios de admisión
- Procedemento e asignación de titor e director de teses
- Complementos de formación
- Bolsas
- Liñas de investigación
- Actividades formativas
- Procedemento para a elaboración e avaliación do plan de investigación
- Normativa académica
- Duración dos estudos e permanencia
- Calendario académico
- Recursos de aprendizaxe (espazos virtuais de comunicación, laboratorios, biblioteca, etc.)
- Sistema de garantía de calidade (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
- PDI do programa: Perfil académico e investigador, información de contacto,...
- Programas de mobilidade: Obxectivos, Normativa xeral, bolsas
- Normativa e marco xeral sobre teses (avaliación, depósito, defensa, mención internacional ao programa, estrutura, etc.)
- Teses defendidas nos últimos cursos académicos
- Principais saídas laborais (empresas, universidades e outras institucións) dos doutorandos do programa (pendente de acción de mellora)
- Estudantes matriculados de novo ingreso
- Número total de estudantes matriculados
- Porcentaxe de estudantes estranxeiros matriculados
- Porcentaxe de estudantes procedentes de estudos de máster doutras universidades
- Porcentaxe de estudantes matriculados a tempo parcial
- Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...)
- Número de directores de teses defendidas
- Número de directores de teses con sexenios vivos
- Satisfacción dos doutorandos cos estudos (pendente de acción de mellora)
- Satisfacción dos directores de teses cos estudos (pendente de acción de mellora)
- Número de teses defendidas a tempo completo
- Número de teses defendidas a tempo parcial
- Duración media do programa de doutoramento a tempo completo

- Duración media do programa de doutoramento a tempo parcial
- Porcentaxe de abandono do programa
- Porcentaxe de teses coa calificación de "cum laude"
- Porcentaxe de doutores con mención internacional
- Porcentaxe de estudantes do programa que realizaron estancias de investigación
- Taxa de emprego (% de egresados que traballan) (pendente de acción de mellora)
- Taxa de adecuación do posto de traballo aos estudos (posto de traballo acorde á formación de doutor/a) (pendente de acción de mellora)

Ademais desta información, a páxina web conta cunha sección (Tesis doctorales <http://paratraduccion.com/doctorado/tesis-doctorales-typ/>) na que se inclúe a listaxe de alumnos e alumnas que xa obtiveron o título de doutor en programas anteriores vinculados a esta titulación obxecto de seguemento, con referencia ao seu posto de traballo actual. Coidamos que esta información é de especial interese para os posibles candidatos que se interesen no noso programa.

Cómpre engadir que ademais da web propia do programa de doutoramento, a Universidade de Vigo recolle, a través da web institucional da EIDO (https://uvigo.gal/uvigo_es/centros/vigo/eido/oferta), información básica e de contacto do programa e remite á web específica.

Por todo o exposto, podemos afirmar que a información existente na páxina web do Programa de doutoramento en Tradución e paratradución é suficiente, transparente e doadamente accesible, que está actualizada, é obxectiva e de relevancia para todos os grupos de interese. A este respecto, ademais da páxina web propia do programa, pódese consultar tamén a evidencia EPD11.

Como se apuntaba máis arriba, existen outras vías para dar a coñecer toda a información que xera o programa de doutoramento, sexa administrativa, académica ou científica. Ademais da atención presencial e personalizada aos doutorandos no inicio dos seus estudos para darlles a coñecer a estrutura do programa, duración, obrigas, actividades, etc., artelláronse outros medios de manter o contacto con todos os alumnos e alumnas pensando, sobre todo, naqueles que por motivo de traballo ou residencia non poidan acudir en persoa a algunha actividade ou procedemento. Deste xeito, toda a información de calquera natureza que se subministra presencialmente recólleste tamén na páxina web e envíaselles por correo electrónico aos doutorandos, PDI e PAS.

Por outra parte, empréganse tamén para esta finalidade os perfís do programa de doutoramento e dos docentes nas redes sociais: Twitter e Facebook principalmente para a difusión de convocatorias e noticias e Academia.edu para a difusión de documentos de investigación.

Outras vías complementarias de publicación e distribución de información son os taboleiros informativos da Facultade de Filoloxía e tradución, a pantalla informativa situada no pavillón central da propia facultade ou a circular informativa electrónica á que os usuarios se poden subscribir dende a páxina web do programa.

Nos últimos tres cursos a Facultade de Filoloxía e tradución vén celebrando unha sesión informativa para o alumnado de grao na que un representante do programa ten a oportunidade de presentar o noso doutoramento. Faise tamén unha presentación semellante para os alumnos do Mestrado en Tradución para a comunicación internacional.

Por outra banda, cando comeza a actividade docente, aprovéitanse as sesións presenciais co alumnado para:

- repasar os aspectos administrativos básicos e os prazos do programa
- repasar os aspectos académicos básicos do programa (documento de supervisión, plano de investigación, documento de actividades, actividades formativas, modalidades de teses, etc.)
- presentar os recursos e servizos que ofrece a Facultade de Filoloxía e tradución
- facilitar a presentación de cada un dos alumnos e alumnas ante o resto de estudantes
- presentar detalladamente a web do programa
- presentar detalladamente a secretaría virtual da Universidade de Vigo

En definitiva, tanto a Universidade de Vigo como o propio programa de doutoramento en Tradución e paratradución desenvolven un esforzo constante para actualizar, publicar e distribuír con regularidade a información pública relativa ao título que sexa de relevancia para os diferentes grupos de interese, sexa esta información científica, académica, administrativa ou complementaria.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como conclusión dos diferentes aspectos sinalados no epígrafe 2.1., este programa de doutoramento está en condicións de afirmar que o acceso á información relevante por parte dos diferentes grupos de interese está garantido e que ademais se trata dunha información completa, actualizada, obxectiva, veraz e transparente. Toda a información está permanentemente actualizada e distribúese a través de diferentes medios: páxina web, correo electrónico, taboleiros e pantallas informativas, etc.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa vai estar organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/

Os contidos desta web están en fase de deseño e de execución. A estrutura inicial conterá información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos. A día de hoxe pódese acceder ao manual de calidade (validado na Comisión de Calidade) e ás propostas de procedementos xa elaboradas.

- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGIC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos). A día de hoxe pódese consultar a acta de constitución da Comisión de Calidade da EIDO.
- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>.

O prazo previsto para terminar o desenvolvemento da web de calidade da Eido é o 3º trimestre de 2017 (os detalles desta actividade poden atoparse na acción de mellora que se xunta).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Deseño do SGC:

O SGC do programa enmárcase dentro do SGC da EIDO. O deseño deste sistema é centralizado, isto é, abarca todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

Tal e como se pode ver na ficha de mellora correspondente ao criterio 3, a súa estrutura e desenvolvemento está hoxe na súa fase de deseño. O obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación do programa.

Esta fase de deseño dá resposta a dous niveis de esixencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento.

-Procesos institucionais: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo, nunha primeira fase (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos

certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado). Despois, nunha segunda fase, este deseño axustarase e integrarase nun modelo de SGC Fides-Audit institucional, que se desenvolverá a través dun proxecto institucional ao longo dos cursos 2017/18 e 2018/19 e que abranguerá, polo tanto, tanto as facultades e escolas como a EIDO.

-Procesos específicos dos PD: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades están máis asociados ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O deseño dos procesos específicos e a primeira fase dos institucionais continúa a realizarse nun grupo de traballo con persoal vencellado á Eido (dirección da Eido, coordinador de calidade da Eido, Área de Calidade, Xefe do Servizo de Posgrao). O grupo reúnese con frecuencia para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC. A listaxe de documentación do SGC pode atoparse máis abaixo.

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constitúíse o día 27/04/2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da Eido.

A Comisión de Calidade, nesta primeira reunión, debateu e validou o Manual de Calidade da Eido, que incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento – CAPD-),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco lexislativo e normativo do SGC,
- O mapa de procesos do SGC
- A política e os obxectivos de calidade

O Manual de Calidade (que inclúe a Política e os obxectivos de calidade) aprobouse no Comité de Dirección da Eido do día 18/07/2017.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:
https://uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/comision/

O Manual de Calidade coa Política e os Obxectivos de Calidade poden atoparse na ligazón:

https://uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/sigc/

Desenvolvemento da documentación do SGC:

O grupo de traballo mencionado traballa no desenvolvemento dos procesos e dos procedementos do SGC. As propostas deste documentos irán debaténdose progresivamente na Comisión de Calidade, que os validará, e no Comité de Dirección, que os aprobará.

O mapa de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos.

Procesos institucionais (12 procesos):

Están avanzados, en estado de proposta, un total de 10 procedementos que desenvolven estes procesos. Son os seguintes:

- DE-01 Planificación e desenvolvemento estratéxico e DE-02 Revisión do SGC pola dirección (procesos de Dirección estratéxica).
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns e MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua).
- XP-01 Deseño e verificación; XP-02 Seguimento, modificación e acreditación e XP-03 Suspensión e extinción (procesos de Xestión dos programas).
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental).
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública).

Quedan 2 pendentes:

- PE-01 Xestión do persoal de apoio (procesos de Xestión do persoal).
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

Procesos específicos (6 procesos):

Estase desenvolvendo un proceso: FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores).

Quedan 5 pendentes:

- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de Formación dos investigadores/as).
- AC-01 Admisión
- AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión académica).
- PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal).

O desenvolvemento destes procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA) que tamén inclúen o tratamento dos plans de mellora dos diferentes informes de avaliación externa. Para isto, este traballo enfócase en 3 eixes:

- O respecto da lexislación e normativa,
- A aplicación das esixencias do programa Fides-Audit e do resto dos programas da ACSUG que afectan aos doutoramentos e
- A experiencia obtida nos procesos de deseño, implantación, acreditación e certificación dos centros e dos títulos de grao e mestrado

(SGC dos centros), que permiten traballar con criterios de simplificación e eficiencia.

As propostas de procedementos poden atoparse na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

- a) Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e verificación dos programas* e de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e./ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun programa ou unha memoria verificada.

- b) Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral... (procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns...*); analizar esta

información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*).

No proxecto piloto do seguimento dos programas de 2017 xa se elaboraron os informes de seguimento que contiñan os datos (evidencias e indicadores) demandados na Guía de seguimento e acreditación da ACSUG e que permitiron analizar a evolución histórica e a situación actual dos programas.

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos estudantes, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16 e 2016/17. Segundo a programación prevista (pendente de aprobar pola comisión de calidade da Eido), o vindeiro grupo de interese do que se recolla a súa opinión será o profesorado. A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén ao criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da Eido detalla o desenvolvemento deste aspecto.

- c) Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade

consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do sistema pola dirección*). Esa revisión, dirixida pola dirección da Eido, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren. A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación. A documentación completa cos procedementos aprobados prevese enviar, para certificar o seu deseño pola ACSUG, no 4º trimestre de 2018.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC estase desenvolvemento de xeito participativo no que están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O PDI é suficiente e axeitado, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.**

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.
- A institución ofrece oportunidades ao PDI e de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do PDI en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o programa de doutoramento en Tradución e paratradución valoramos moi positivamente o grao de cumprimento dos requisitos establecidos polas diferentes normativas que regulan os estudos de doutoramento no que respecta ao currículo académico e investigador do PDI que participa no programa. Estas normativas son a) o RD 99/2011 do 28 de xaneiro polo que se regulan as ensinanza oficial de doutoramento, publicado no BOE do 10 de febreiro de 2011; e b) o Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de goberno do 20 de xullo de 2012 e modificado nos Consellos de goberno do 6 de xuño de 2014 e do 7 de febreiro de 2017. A estas normativas adaptouse no seu momento, como non podía ser doutro xeito, a Memoria de solicitude para a verificación do título (EPD1 memoria vixente).

As devanditas normativas pódense consultar na páxina web da EIDO: http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/normativa/.

Na normativa estatal, trasposta aos regulamentos da Universidade de Vigo, esíxese que o PDI membro do programa, o coordinador ou coordinadora, así como os membros da comisión académica, debían acreditar unha traxectoria investigadora consolidada en función dunha serie de criterios como o recoñecemento de sexenios

de investigación, a experiencia na dirección de teses de doutoramento, a coordinación de proxectos de investigación e a autoría de publicacións internacionais con impactos acreditables. No momento de redactarse a memoria de verificación, todos os membros do programa cumprían os requisitos indicados e, no momento actual, mesmo se teñen incrementado, como se exporá a continuación.

En primeiro lugar, o número de doutores e doutoras participantes no programa aumentou, xa que se incorporaron ao mesmo o profesor Óscar Ferreiro Vázquez (16 de decembro de 2016) e a profesora María Isabel del Pozo Triviño (10 de febreiro de 2017). Cómpre sinalar tamén a xubilación da primeira coordinadora do programa, a profesora María do Carmo Henríquez Salido, que de todos os xeitos se a formar parte do cadro docente do programa e segue a participar nas actividades formativas.

Os doutores e doutoras membros do cadro docente incrementaron visiblemente os seus méritos de investigación dende a verificación deste programa de doutoramento: sexenios recoñecidos, obtención de novos proxectos de investigación, teses defendidas, publicacións con impacto internacional, etc.

En canto aos sexenios de investigación, o PDI do programa conseguiu o recoñecemento de 11 sexenios máis dende a data de verificación do título, computando un total de 44 sexenios, o que supón que 9 das 21 persoas do cadro docente obtiveron o recoñecemento de 1 ou 2 sexenios: o que supón o 43% do profesorado.

Polo que respecta ás teses de doutoramento, non contamos aínda, como xa se indicou máis arriba, con teses defendidas polos doutorandos e doutorandas de novo ingreso, pero dende o curso 2013-14 no que se implantou este programa o noso PDI levou a termo 11 teses matriculadas no programa anterior, obtendo todas elas a máxima cualificación. Os detalles destas teses pódense atopar no capítulo 4.2. deste autoinforme.

Cómpre salientar tamén que os tres grupos de investigación integrados no programa de doutoramento conseguiron financiamento en convocatorias de ámbito autonómico e nacional. O programa de doutoramento partía dunha situación moi favorable cando se implantou (como se pode comprobar na memoria verificada), pero o certo é que nos últimos anos, e malia os recortes no financiamento para a

investigación, conseguíronse fondos para o desenvolvemento de seis proxectos de investigación (Véxase a evidencia "EPD20 Táboa 2 Grupos de investigación"): tres financiados pola Universidade de Vigo, dous con financiamento autonómico (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e un con financiamento nacional (Ministerio de Economía y Competitividad).

Ademais dos proxectos propios, moitos dos nosos docentes colaboran con grupos de investigación nacionais e internacionais e con redes de investigación internacionais, como se recolle na seguinte táboa:

Docente	Breve descrición da colaboración
Ferreiro Vázquez, Óscar	Desde el 1 de enero de 2016: Miembro del equipo de investigación registrado como I+D Ref.: FFI2014-59140-P «Catalogación y estudio de las traducciones de los dominicos españoles e iberoamericanos» del Ministerio de Economía y Competitividad. Programa estatal de fomento de la investigación científica y técnica de excelencia. Subprograma estatal de generación de conocimiento. 2015-2017. Realización de tareas e investigaciónes sobre historia de la traducción e interpretación de la Orden en las misiones de América Latina (Investigador principal: Dr. Antonio Bueno García) [http://traduccion-dominicos.uva.es/].
Galanes Santos, Iolanda	Rede Internacional de Investigación da Xestión da Comunicación (XESCOM) está composta por un total de 22 grupos, 5 pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia, 9 colaboradores a nivel nacional e outros 9 de ámbito internacional.
Galanes Santos, Iolanda	Colaboración na rede con axuda da Xunta de Galicia 2016-2019: R2016/019 XESCOM
Galanes Santos, Iolanda	Participación nos proxectos sobre "La traducción literaria en España: repertorio informatizado crítico-bibliográfico de las traducciones publicadas en España", financiado pola Generalitat de Catalunya e AGAUR. IP Assumpta camps (Universitat de Barcelona). Grupo CRET
Luna Alonso, Ana	Participación no proxecto CAPES/DGU: "Valores culturales y didácticos en la metáfora de especialidad: las múltiples imágenes de la crisis económica mundial en la prensa escrita". Ref: PHB2012-0121_pC (BOE de 31 de mayo de 2013) y renovación con referencia PHBP14/00085 (BOE de 30 de marzo de 2015). Equipo de investigación Vigo e Sao Paulo
Luna Alonso, Ana	Participación no Proyecto: Rede de grupos de investigación Xescom da USC que recibiu unha subvención da Xunta de Galicia. Grupo Novos Medios. Rede Xescom, responsable Xosé López García. Referencia da Rede: R2016/019 XESCOM
Luna Alonso, Ana	Participación no proxecto "Nuevas estrategias de promoción cultural. Las ferias internacionales del libro y la condición de invitado de honor" (Universidade de Santiago de Compostela) financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad do Gobierno Español, entre 2018 e 2020 (código FFI2017-85760-P)
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia PHB2012-0121-PC Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades

	participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2013 – 30/12/2014 Cuantía de la subvención: 15.600 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia: PHBP14/00085 Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2015 – 30/12/2016 Cuantía de la subvención: 12.000 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: Ampliación de BTRAGA (1980-2013) Biblioteca da tradución galega Entidad financiadora: Universidade de Vigo, Vicerreitoría de Investigación (ref.: 12VI 16 H 310 131 H 641.02); Contrato programa con grupos de investigación 2012 11VIA10. Entidades participantes: Universidade de Vigo Duración: 01/01/2013 – 30/12/2013 Cuantía de la subvención: 15.000 € Investigadora responsable: Ana LUNA ALONSO Número de investigadoras participantes: 5
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia PHB2012-0121-PC Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2013 – 30/12/2014 Cuantía de la subvención: 15.600 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia: PHBP14/00085 Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2015 – 30/12/2016 Cuantía de la subvención: 12.000 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
del Pozo Triviño, Maria Isabel	Miembro de la Red TREC, Red temática de investigación empírica y experimental en traducción. http://pagines.uab.cat/trec/
del Pozo Triviño, Maria Isabel	Miembro de ENPSIT: European Network for Public Service Interpreting & Translation. http://www.enspit.eu/
del Pozo Triviño, Maria Isabel	Referencia: DGT/2014/TPSUnión Europea/DGT Investigador responsable: Claudia V. Angelelli Entidades participantes: Heriot-Watt University Edinburg y otras universidades europeas. Título del proyecto: A Study on Public Service Translation in Cross Border Healthcare Entidad financiadora: Comisión Europea/Directorate-General for Translation
Sánchez Trigo, Elena	REDE internacional Evaluating Information Access Systems (ELIAS). Coordinador: Maarten de Rijke; Período de ejecución: 2011 ao 2016. Convocatoria: ESF Research Networking Programme, European Science Foundation (ESF).
Fernández Rodríguez, Áurea	Participación no proxecto CAPES/DGU: "Valores culturales y didácticos en la metáfora de especialidad: las múltiples imágenes de la crisis económica mundial en la prensa escrita". Ref: PHB2012-0121_pC (BOE de 31 de mayo de 2013) y renovación con referencia PHBP14/00085 (BOE de 30 de marzo de 2015). Equipo de investigación Vigo e Sao Paulo

Outro aspecto fundamental para demostrar a adecuación do PDI do programa de doutoramento e a súa capacitación para a docencia neste nivel é o esforzo de cada un dos doutores e doutoras por manter actualizadas as súas competencias neste eido. Pódese comprobar na memoria verificada e nos currículos dos doutores e doutoras que no momento da aprobación do título todos eles completaran unha grande cantidade de cursos de formación e innovación docente dentro dos programas de formación do profesorado que ofrece a Universidade de Vigo a través da súa Área de formación e innovación educativa (http://vicprof.uvigo.es/vicprof_es/formacion/) e da plataforma Bubela (<https://bubela.uvigo.es>). Cómpre destacar un especial interese do profesorado na formación relacionada coas novas tecnoloxías e o ensino virtual, que se traduce no amplo uso destas competencias no seguimento dos seus respectivos doutorandos e doutorandas. En definitiva, o interese por este tipo de formación mantívose ao longo do tempo e o programa de doutoramento pode achegar probas de que no período 2013-14 a 2016-17 practicamente todos os seus membros seguiron a realizar cursos de formación docente.

Queremos salientar tamén que máis da cuarta parte do profesorado participou na convocatoria do programa de avaliación docente DOCENTIA, e que os resultados foron moi satisfactorios en todos os casos. Dado o carácter voluntario desta convocatoria de avaliación da actividade docente, é merecente de destaque o interese demostrado polos profesores e profesoras do programa.

Podemos concluír, xa que logo, que a Universidade de Vigo pon un especial interese na formación do seu cadro de profesorado, ofrecendo programas de formación destinados á actualización de coñecementos e competencias co obxectivo de mellorar a calidade docente.

Ademais do devanditos cursos de formación e innovación docente, a Universidade de Vigo pon á disposición dos seus membros outras tres medidas para fomentar a actualización e formación do profesorado e a súa dedicación á investigación:

- por unha banda, existe a posibilidade de solicitar licencias por ano sabático como resultado dun procedemento competitivo baseado nos méritos de investigación e na xerarquía profesional;
- en segundo lugar, a elaboración do POD (plan de organización docente) contempla os méritos de investigación como criterio para diminuír a carga docente no grao, o que propicia unha maior dedicación á investigación;
- finalmente, a Universidade de Vigo facilita, por medio da convocatoria de bolsas, a mobilidade do profesorado a universidades de todo o mundo, sexa para estadias ou intercambios de investigadores ou de profesorado.

Todos os indicadores, evidencias e datos desglosados neste epígrafe demostran o alto grao de capacitación e consolidación do cadro docente do programa e xustifican a suficiencia dos recursos humanos encargados das liñas de investigación que ofrecemos aos nosos doutorandos e doutorandas. Nos documentos EPD9, EPD11, EPD18, EPD19, EPD20 e EPD21 poderanse corroborar todos estes datos.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma axeitada, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No momento de redactar este autoinforme o programa de doutoramento conta con 21 persoas no seu cadro docente e 40 alumnos matriculados, o que significa unha ratio profesorado-alumnado moi boa: 1,9 estudantes por docente. En relación coas liñas de investigación, a ratio tamén é boa, dado que temos 40 teses que matricularon en total 59 liñas de investigación, xa que varias teses declararon máis dunha liña. Isto supón unha media de 1,4 teses por cada liña de investigación e de 1,5 liñas por tese. Contamos, ademais, con 7 teses matriculadas coa codirección

de dous membros do programa (6) e dun membro do programa e un doutor estranxeiro (1).

Por outra parte, a totalidade do cadro docente do programa ten dedicación a tempo completo na universidade, cunha elevada porcentaxe de sexenios vivos, o que supón unha importante redución da docencia no grao e maior dedicación ao doutoramento e á investigación. Proba de que o PDI é suficiente é o feito de que o programa, ata o momento, foi quen de aceptar todas as solicitudes de matrícula e asignar director ou directora de tese a todo o alumnado en función dos seus intereses de investigación.

Cómpre destacar que o novo regulamento dos estudos de doutoramento permite unha elección e asignación de director ou directora de tese moito máis reflexiva e racional que antano, xa que os doutorandos teñen un período de tres meses para coñecer os membros do cadro docente e as súas liñas de investigación, se é que non os coñecían antes. Deste xeito tanto os doutorandos como o programa nos aseguramos de que a elección e asignación da dirección é a ideal para cada proxecto de investigación.

A nova regulamentación permite tamén unha mellor supervisión, por parte da coordinación e da comisión académica, da correcta e axeitada atención dos titores/as e directores/as aos seus doutorandos/as, xa que existen diversos trámites ao longo do curso académico nos que ten que quedar constancia das súas actividades: aprobación anual dos planos de investigación e dos documentos de actividades, informes sobre as actividades dos doutorandos/as.

Queremos destacar tamén que o profesorado do programa foi capaz, durante o período avaliado, de atender axeitadamente os estudantes que xa dirixían no anterior programa de doutoramento, o que se traduce en que, nestes anos, se defenderon un total de 11 teses. Pensamos que este traballo de dirección e as teses resultantes se deben de ter en conta como indicadores da adecuación e capacidade do profesorado para atender ao alumnado, mesmo durante a coexistencia de dous programas con regulamentacións diferentes. Velaquí a relación de teses defendidas nestas condicións:

Alumno/a	Título	Director/a	Data	Cualificación
F.M., E.M.	<i>Der gute Mensch von Sezuan</i> de Bertolt	Alberto Álvarez LUGRÍS	18/10/2013	Sobresaliente cum laude

	Brecht: análise tradutiva e paratradutiva das traducións para lingua portuguesa				
A.B.B.C., M.A.	<i>A dobragem em Portugal : novos paradigmas na tradução audiovisual</i>	Josélia Susana Colado	Neves Cruces	20/12/2013	Sobresaliente cum laude
C.M.F., M.A.	<i>A Interpretação In Situ e a Interpretação Remota : Realização e Análise Científica de um Conjunto de Estudos Experimentais</i>	Luis Bacigalupe	Alonso	07/03/2014	Sobresaliente cum laude
M.R., V.	<i>Géneros textuales biomédicos y traducción: análisis de guías de práctica clínica en francés y en español en el ámbito de las enfermedades raras</i>	Elena Trigo	Sánchez	11/12/2015	Sobresaliente cum laude
V.V., T.	<i>Ontoloxías e tradución biomédica: creación dunha base de coñecemento terminolóxico sobre os erros innatos do metabolismo en francés e español</i>	Elena Trigo	Sánchez	23/11/2015	
B.O., P.	<i>A tradución da fraseoloxía no xénero textual manual de instrucións na combinación lingüística alemán-español</i>	Carmen Mellado Blanco (USC) y Silvia Küpper	Montero	14/12/2015	Sobresaliente cum laude Mención internacional
D.S., R.E.	<i>A tradução da lírica de Brecht antes e depois do 25 de Abril de 1974 em Portugal</i>	Susana Colado	Cruces	28/10/2015	Sobresaliente cum laude
M.T., C.V.	<i>O desenvolvemento de confianza tradutiva em processos de crowd translation nas redes sociais: Um estudo de caso com o Facebook e o Twitter</i>	Anxo Fernández Ocampo	Fernández	4/05/2015	Sobresaliente cum laude
R.M., M.	<i>Teorías e prácticas da tradución feminista e poscolonial no contexto galego : un percorrido pola ideoloxía</i>	Belén Lucas	Martín	29/10/2015	Sobresaliente cum laude Mención internacional
F.V., O.	<i>«Por boca de»: achegas á historia da interpretación do centro e sur de América (1518-1870)</i>	Xoán Garrido	Manuel Vilariño	01/02/2016	Sobresaliente cum laude Mención internacional

A.M., G.	<i>O tratamento dos ideofones na tradução de manga</i>	Robert Baxter	Neal	28/02/2016	Sobresaliente cum laude
----------	--	---------------	------	------------	-------------------------

Por todo o exposto anteriormente, ao noso xuízo queda demostrado que os recursos humanos do título son suficientes e axeitados e están capacitados para desenvolver as súas funcións e atender correctamente aos estudantes.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na súa [Normativa de recoñecemento de actividades docentes](#) do pdi (Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016), a UVigo recoñece un total de 40 horas por tese defendida nos 3 cursos anteriores á elaboración do POD.

Aínda que os labores de titorización non teñen recoñecemento oficial por parte da universidade, esta circunstancia vese compensada en certa medida polo feito de que a figura do titor/a adoita coincidir coa de director/a, que como se acaba de dicir si ten recoñecemento no POD anual.

En termos xerais, consideramos que estes recoñecementos son insuficientes e non se corresponden co intenso traballo académico, científico e administrativo que comporta a dirección dunha tese de doutoramento. Por outra banda, coidamos tamén que para certos trámites administrativos do doutoramento, nos que as/os directoras/es están implicadas, debería existir máis apoio por parte das institucións (cf. a reflexión no criterio 4.5).

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Malia que polos motivos expostos anteriormente o Programa de doutoramento aínda non tivo a oportunidade de constituír tribunais de tese nos que incluír expertos internacionais, consideramos que contamos cun elevado grao de internacionalización que se manifestas nas seguintes circunstancias:

1. No programa de doutoramento anterior a presenza nos tribunais de tese de expertos internacionais era habitual; a CAPD actual ten a intención de manter esta composición, como se lle ten indicado a todos os membros do programa.
2. O programa fomenta entre os seus doutorandos a opción da mención internacional e contamos xa con 5 teses en próximas á súa defensa que optarán a ela.
3. A atracción que este programa de doutoramento exerce sobre o alumnado extranxeiro: o programa conta cun grande número de estudantes estranxeiros, como se pode comprobar no indicador IPD06, en concreto 12 de 40 matriculados (30%) no momento de redactar este autoinforme.
4. As estadías de alumnado e profesorado do programa en centros de investigación internacionais.
5. A colaboración habitual de especialistas internacionais co propio programa e cos grupos de investigación e os respectivos proxectos nos que participan profesores/as e doutorandos/as do programa.
6. Os convenios de colaboración que o programa mantén con institucións de ensino superior internacionais.
7. A política de internacionalización fomentada pola propia Universidade de Vigo.

Atoparanse as evidencias relacionadas con estas cuestións nos documentos EPD3, EPD8, EPD9, EPD11 e EPD24.

Detallamos a continuación os parámetros enumerados máis arriba:

2. No programa de doutoramento anterior defendéronse 4 teses que obtiveron a mención internacional. Trátase en concreto de: a) "«Por boca de»: achegas á historia da interpretación do centro e sur de América (1518-1870)", de O.F.V. b) "Teorías e prácticas da tradución feminista e poscolonial no contexto galego: un percorrido pola ideoloxía", de M.R.M. c) "A tradución da fraseoloxía no xénero textual manual de instrucións na combinación linguística alemán-español", de P.B.O. d) "Ontoloxías e tradución biomédica: creación dunha base de coñecemento terminolóxico sobre os erros innatos do metabolismo en francés e español", de T.V.V.

3. A proxección internacional do programa, do grupo de investigación que lle deu orixe (Grupo de investigación Traducción y paratraducción, referencia TI4 da Universidade de Vigo) e do concepto de paratradución que xa apuntamos máis arriba (criterio 1, dimensión 1, perfil de ingreso) e xustificábase cos impactos en publicacións internacionais, reflíctese tamén na atracción que exerce o programa sobre o estudantado estranxeiro. Un 30% das persoas actualmente matriculadas son estranxeiras e proceden de países como Portugal, Brasil, Venezuela, Francia, Irlanda, Rumanía, China ou Irán. Con respecto ao alumnado estranxeiro temos que facer unha reflexión autocrítica a propósito da escasa documentación que a Universidade de Vigo ofrece traducida a outras linguas que non sexan castelán ou galego. Do mesmo xeito, o alumnado estranxeiro atópase, ao contactar coa universidade, con que practicamente ninguén se sabe dirixir a eles en inglés ou outras linguas. É certo que a universidade ten unha Guía para o estudante estranxeiro na súa web (International Student's Guide, redactada en inglés: http://www.uvigo.gal/uvigo_en/administracion/ori/estranxeiros/guia/index.html) pero nela nin se mencionan os programas de doutoramento e, ademais, non está actualizada. Conscientes desta deficiencia, o noso programa ten na páxina web toda a súa documentación e información administrativa en galego, castelán e inglés e ofrece asesoramento en inglés e outras linguas a cantos estudantes se interesan polo noso doutoramento.

4. Tanto os estudantes como os doutores e doutoras do programa realizan con frecuencia estadias de investigación en centros internacionais co obxectivo de desenvolver as súas investigacións ou completar a súa formación en determinados

aspectos. Estas estadías permitiríanles, ademais, obter a mención internacional nas súas teses de doutoramento. Trátase das seguintes actividades:

a) Estadías do profesorado:

Docente	Breve descripción da estadía
Ferreiro Vázquez, Óscar	10 de julio 2017 - 10 agosto 2017 (1 mes). Universidade. ISCAP, Instituto Superior de Contabilidade e Administração do Porto (Portugal) Invitado por la profesora Doctora Luisa Langford, en colaboración con el Centro de Estudios Organizacionales y Sociales (CEOS.PP) para la realización de una estancia de investigación postdoctoral en la Universidad. (Oficio del rector: ISCAP/PR-047/2017).
Ferreiro Vázquez, Óscar	22 de mayo 2013 - 2 septiembre 2013 (3 meses y 11 días). Université de la Sorbonne-Nouvelle. Paris III (Francia) Invitado por el Catedrático Hervé Le Corre del departamento de Estudios Ibéricos y latino-americanos de la Universidad Sorbonne- Nouvelle, Paris III. Tema de investigación: Política Lingüística durante la colonización española en América del Sur.
Ferreiro Vázquez, Óscar	1 de junio 2012 - 10 septiembre 2012 (3 meses y 10 días). Université Toulouse II- Le Mirail (Francia) Invitado por el Doctor Enrique Fraga del departamento de Estudios Hispánicos e Hispanoamericanos de la Universidad de Toulouse II- Le Mirail.
Ferreiro Vázquez, Óscar	11 de abril - 15 de abril de 2016 Universidade do Minho (Braga. Portugal) Estancia dentro del marco de la convocatoria Erasmus + para docentes.
Ferreiro Vázquez, Óscar	01 de abril - 7 de abril de 2016 Université Paul Valéry, Montpellier III (Francia) Estancia dentro del marco de la convocatoria Erasmus + para docentes.
Montero Domínguez, Xoán	Universidad de Oviedo (22/10/2014 – 07/12/2014)
Montero Domínguez, Xoán	Universidad Comillas de Madrid (29/05/2015 – 01/07/2015)
Montero Domínguez, Xoán	Université Paul-Valéry de Montpellier (01/11/2015 – 04/12/2015)
Montero Domínguez, Xoán	Estadía de investigación na Universitat Autònoma de Barcelona (16/05/2016 – 30/06/2016)
Montero Domínguez, Xoán	Estadía de investigación na Universitat Autònoma de Barcelona (17/05/2017 – 31/05/2017)
Montero Domínguez, Xoán	Estadía de investigación na Universidade de Santiago de Compostela (04/10/2017 – 19/11/2017)
Montero Domínguez, Xoán	University of Zadar (Croacia, 2013/5 días)
Montero Domínguez, Xoán	Bangor University (Reino Unido, 2014/5 días)
Montero Domínguez, Xoán	Università A Sapienza (Italia, 2015/5 días)

Montero Domínguez, Xoán	Universidade Aberta de Lisboa (Portugal, 2016/5 días)
Montero Domínguez, Xoán	Universidade dos Açores (Azores, 2017/5 días)
Montero Domínguez, Xoán	Universidade Aberta de Lisboa (Portugal, 2017/5 días)
Galanes Santos, Iolanda	Departamento de Letras Clássicas e Vernâculas de la Universidade de São Paulo Universidade de São Paulo, de 5/8/2013 a 5/9/2013
Galanes Santos, Iolanda	Observatório de neologia do Português Brasileiro Contemporâneo da Universidade de São Paulo, 13/10/2013 a 3/11/2016
Galanes Santos, Iolanda	Categoría: profesora invitada. Asignaturas: Whorkshop Electronic tools for translation : automatci extraction of legal corpus. Programa: programa intensivo Legal Systems and Immigration Law in the EU: Translating and interpreting in Diversity. Universidad: Jihocesca universtzita v Cesckych Budejovicich (República Checa). Duración: 5 horas.
Galanes Santos, Iolanda	Categoría: profesora invitada ERASMUS en Université François-Rabelais de Tours (UFR Lettres et Langues). Asignaturas: - Traducción español francés, Traducción jurídica. Titulación: Langues étrangères appliquées et Droit- Langues. Duración: 8 horas.
Galanes Santos, Iolanda	Erasmus Universidade de Lisboa (Portugal). Faculdade de Letras. Duración: 10-05-2016 ao 16-05-2016
Galanes Santos, Iolanda	Erasmus Université de Rennes (Francia). Institut d'Études Politiques. Duración : 10-04-2017 a 14-04-2017
Montero Küpper, Silvia	Centro: Universidad de Viena Localidad: Viena País: Austria Fecha: 07/06/2013-07/07/2013 Duración (semanas): 4 Tema: Traducción literaria, bibliometría
Montero Küpper, Silvia	Centro: Universidade de São Paulo Localidad: São Paulo País: Brasil Fecha: 01/11/2015-01/012/2015 Duración (semanas): 4 Tema: Valores culturales en la metáfora de especialidad "rescate": las múltiples imágenes de la crisis económica mundial en la prensa escrita; reuniones con el equipo de investigación, análisis de conceptos terminológicos y trabajo con la base de datos terminológica (crisis económica)
Montero Küpper, Silvia	Universität Leipzig: 31.5.2013 - 6'6'2013
del Pozo Triviño, Maria Isabel	16 horas como docente en el "Máster Universitario Europeo en Comunicación Intercultural, Interpretación y Traducción en los Servicios Públicos" Universidad de Alcalá de Henares. Máster integrado en la red de Másteres Europeos de Traducción (MET) de la Comisión Europea. Curso 2013-14
del Pozo Triviño, Maria Isabel	20 horas en Seminario de formación de Posgrado dirigido a alumnado del Máster Universitario en Traducción Jurídico-Financiera con el título de Interpretación de Enlace en el ámbito jurídico-judicial (inglés-español). Universidad Pontificia de Comillas. Del 20 al 23 de enero de 2014. Curso 2013-14
del Pozo Triviño, Maria Isabel	6 días como profesora en la Heriot-Watt University, Edimburgo, Escocia como parte del programa LLP/Erasmus. Curso 2013-14

del Pozo Triviño, Maria Isabel	3 días como profesora en Universidad de Gante (Bélgica), como parte del programa LLP/Erasmus. Curso 2016-17
del Pozo Triviño, Maria Isabel	5 días como profesora en Trinity College Dublin (Irlanda), como parte del programa LLP/Erasmus. Curso 2016-17
del Pozo Triviño, Maria Isabel	10 horas. Curso de formación continuada de 150 horas "Capacitación para Actuar como Traductor e Intérprete en el Ámbito de la Justicia" organizado por el Centro de Estudios de Posgrado y Formación Continuada de la Universitat Jaume I. Curso 2016-17
Fernández Rodríguez, Áurea	Estancia en la Univ. De Sao Paulo (Brasil) entre 19 de agosto hasta 5 de septiembre de 2013 dentro del proyecto de referencia HBP-2012-0121-PC, concedido por el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte
Yuste Frías, José	Centro: PÓS-GRADUAÇÃO EM ESTUDOS DE TRADUÇÃO (PGET) DE LA UNIVERSIDADE FEDERAL DE SANTA CATARINA (UFSC) Florianópolis Localidad: Florianópolis País: Brasil Fecha: desde el 22/09/2014 hasta el 29/09/2014 Duración (semanas): 1 Tema: Teoría e práctica da paratradução
Yuste Frías, José	Centro: PÓS-GRADUAÇÃO EM LINGÜÍSTICA APLICADA DEL INSTITUTO DE ESTUDOS DA LINGUAGEM (IEL) DE LA UNIVERSIDADE ESTADUAL DE CAMPINAS (UNICAMP) Campinas Localidad: São Paulo Campinas País: Brasil Fecha: desde el 29/09/2014 hasta el 05/10/2014 Duración (semanas): 1 Tema: Teoría e práctica da paratradução

b) Estadías do alumnado:

Doutorando/a	Breve descripción da estadía
Andrés, Tamara	Bolsa de participación no Programa Intensivo Erasmus «Sistemas legales e inmigración en la UE: traducir e interpretar en la diversidad», de dúas semanas de duración (Instituto Superior de Contabilidade e Administración de Oporto, febreiro 2014)
Andrés, Tamara	Bolsa Erasmus durante o curso 2011-2012 en Bruxelas (Institut Libre Marie Haps)
Ferreiro Vázquez, Óscar	1 de junio 2012 - 10 septiembre 2012 (3 meses y 10 días). Université Toulouse II- Le Mirail (Francia)
Ferreiro Vázquez, Óscar	22 de mayo 2013 - 2 septiembre 2013 (3 meses y 11 días). Université de la Sorbonne-Nouvelle. Paris III (Francia)
Han, Mengye	Institut für Angewandte Linguistik und Translatologie, Universität Leipzig (Alemania), marzo-junio de 2014
Barreiro Felpeto, Bruno	Estadía na Filmoteca Nacional (10 - 12 de abril de 2017)
Barreiro Felpeto, Bruno	Estadía no Archivo General de la Administración (AGA) (27 - 29 de decembro de 2017)
Varela Vila, Tamara	Estadía no Instituto de Investigación de Enfermedades raras (IIER) do Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) – do 1 ao 31 de outubro de 2013
Amigo Tejedor, Melisa	Nome da institución: UV Titor no destino: BRIZ, A. Obxectivo da estadía: Traballar no análise do Español Coloquial do grupo Val.Es.Co Data de inicio: 13/06/2016 Data de finalización: 19/06/2016

Araújo González, Marta	Curso 2016-2017 à Universidade do Minho (Braga - Portugal) 15/05/2017 – 15/08/2017
Henriques de Bastos, Maria do Céu	ISCAP – Instituto Superior de Contabilidade e Administração do Porto. 12 Julho a 12 Outubro 2017 – 16 hrs/semana. Área de investigación: terminología e traducción jurídica
Henriques de Bastos, Maria do Céu	Faculty of Economics and Management – Czech University of Life Sciences Prague. 21 de Julho e 25 de Julho de 2014 – teaching assignment
Aymerich Correa, Tamara	Uniwersytet Śląskie Titor no destino: Cecylia Tatoj Obxectivo da estadía en galego: Estadía- Bolsa Erasmus Obxectivo da estadía en castelán: Estancia- Beca Erasmus Obxectivo da estadía en inglés: Stay- Erasmus Grant Data de inicio: 01/10/2015 Data de finalización: 30/06/2016
Copo Dacasa, Immer	Universidad Politécnica de Valencia Titor no destino: Miguel Vidal Ortega Obxectivo da estadía en inglés: Acquisition of specific knowledge related with Animation History Data de inicio: 10/10/2016 Data de finalización: 25/11/2016
Salter Iglesias, Andrés	University of St. Andrews Titor no destino: Jonathan Harvey País: Reino Unido Obxectivo da estadía en galego: estadía con fins de investigación e ampliación de referentes académicos Obxectivo da estadía en castelán: Estancia con fines de investigación y ampliación de referentes académicos Obxectivo da estadía en inglés: Research- focused stay with a view to extending scholar references Data de inicio: 21/06/2016 Data de finalización: 01/09/2016

5. A colaboración con especialistas internacionais é unha constante no traballo dos diferentes grupos de investigación e dos seus respectivos proxectos. Na seguinte táboa (que xa incluimos tamén no criterio 4.1.) recóllense as colaboracións dos docentes do programa en grupos e redes internacionais:

Docente	Breve descripción da colaboración
Ferreiro Vázquez, Óscar	Desde el 1 de enero de 2016: Miembro del equipo de investigación registrado como I+D Ref.: FFI2014-59140-P «Catalogación y estudio de las traducciones de los dominicos españoles e iberoamericanos» del Ministerio de Economía y Competitividad. Programa estatal de fomento de la investigación científica y técnica de excelencia. Subprograma estatal de generación de conocimiento. 2015-2017. Realización de tareas e investigaciones sobre historia de la traducción e interpretación de la Orden en las misiones de América Latina (Investigador principal: Dr. Antonio Bueno García) [http://traduccion-dominicos.uva.es/].
Galanes Santos, Iolanda	Rede Internacional de Investigación da Xestión da Comunicación (XESCOM) está composta por un total de 22 grupos, 5 pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia, 9 colaboradores a nivel nacional e outros 9 de ámbito internacional.
Galanes Santos, Iolanda	Colaboración na rede con axuda da Xunta de Galicia 2016-2019: R2016/019 XESCOM
Galanes Santos, Iolanda	Participación nos proxectos sobre “La traducción literaria en España: repertorio informatizado crítico-bibliográfico de las traducciones publicadas en España”, financiado pola Generalitat de Catalunya e AGAUR. IP Assumpta camps (Universitat de Barcelona). Grupo CRET

Luna Alonso, Ana	Participación no proxecto CAPES/DGU: "Valores culturales y didácticos en la metáfora de especialidad: las múltiples imágenes de la crisis económica mundial en la prensa escrita". Ref: PHB2012-0121_pC (BOE de 31 de mayo de 2013) y renovación con referencia PHBP14/00085 (BOE de 30 de marzo de 2015). Equipo de investigación Vigo e Sao Paulo
Luna Alonso, Ana	Participación no Proyecto: Rede de grupos de investigación Xescom da USC que recibiu unha subvención da Xunta de Galicia. Grupo Novos Medios. Rede Xescom, responsable Xosé López García. Referencia da Rede: R2016/019 XESCOM
Luna Alonso, Ana	Participación no proxecto "Nuevas estrategias de promoción cultural. Las ferias internacionales del libro y la condición de invitado de honor" (Universidade de Santiago de Compostela) financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad do Gobierno Español, entre 2018 e 2020 (código FFI2017-85760-P)
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia PHB2012-0121-PC Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2013 – 30/12/2014 Cuantía de la subvención: 15.600 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia: PHBP14/00085 Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2015 – 30/12/2016 Cuantía de la subvención: 12.000 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: Ampliación de BITRAGA (1980-2013) Biblioteca da tradución galega Entidad financiadora: Universidade de Vigo, Vicerreitoría de Investigación (ref.: 12VI 16 H 310 131 H 641.02); Contrato programa con grupos de investigación 2012 11VIA10. Entidades participantes: Universidade de Vigo Duración: 01/01/2013 – 30/12/2013 Cuantía de la subvención: 15.000 € Investigadora responsable: Ana LUNA ALONSO Número de investigadoras participantes: 5
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia PHB2012-0121-PC Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2013 – 30/12/2014 Cuantía de la subvención: 15.600 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
Montero Küpper, Silvia	Título del proyecto: VALORES CULTURALES Y DIDÁCTICOS EN LA METÁFORA DE ESPECIALIDAD: LAS MÚLTIPLES IMÁGENES DE LA CRISIS ECONÓMICA MUNDIAL EN LA PRENSA ESCRITA. Referencia: PHBP14/00085 Entidad financiadora: Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Programa Hispano-brasileño de Cooperación Universitaria Entidades participantes: Universidade de Vigo y Universidade de São Sao Paulo Duración: 01/04/2015 – 30/12/2016 Cuantía de la subvención: 12.000 Investigadora responsable: Iolanda GALANES SANTOS
del Pozo Triviño, Maria Isabel	Miembro de la Red TREC, Red temática de investigación empírica y experimental en traducción. http://pagines.uab.cat/trec/

del Pozo Triviño, Maria Isabel	Miembro de ENPSIT: European Network for Public Service Interpreting & Translation. http://www.enpsit.eu/
del Pozo Triviño, Maria Isabel	Referencia: DGT/2014/TPSUnión Europea/DGT Investigador responsable: Claudia V. Angelelli Entidades participantes: Heriot-Watt University Edinburg y otras universidades europeas. Título del proyecto: A Study on Public Service Translation in Cross Border Healthcare Entidad financiadora: Comisión Europea/Directorate-General for Translation
Sánchez Trigo, Elena	REDE internacional Evaluating Information Access Systems (ELIAS). Coordinador: Maarten de Rijke; Período de ejecución: 2011 ao 2016. Convocatoria: ESF Research Networking Programme, European Science Foundation (ESF).
Fernández Rodríguez, Áurea	Participación no proxecto CAPES/DGU: "Valores culturais y didácticos en la metáfora de especialidad: las múltiples imágenes de la crisis económica mundial en la prensa escrita". Ref: PHB2012-0121_pC (BOE de 31 de mayo de 2013) y renovación con referencia PHBP14/00085 (BOE de 30 de marzo de 2015). Equipo de investigación Vigo e Sao Paulo

Por outra parte, o Programa de doutoramento mantén ou mativo relacións de colaboración cos seguintes especialistas estranxeiros:

- Ieda Maria Alves, da Universidade de São Paulo.
- Teresa Seruya. Catedrática da Universidade de Lisboa. Responsable do Programa de doutoramento "Lingua, Cultura e Tradução"
- Elena Zernova, Catedrática de Hispánicas na Universidade Estatal de San Petesburgo
- Fruela Fernández García, Newcastle University
- Clara Sarmento, do ISCAP de Porto, directora do Instituto de Estudos interculturais

Finalmente, e como recolle a memoria verificada, forman parte deste programa de doutoramento profesores e profesoras de recoñecido presitixio internacional que proveñen de distintas universidades estranxeiras:

- Alexis Nuselovici, Chair Of Modern Cultural Studies University of Cardiff (Reino Unido). Actualmente na University of Aix-Marseille, Fondation Maison des sciences de l'homme.
- Christiane Nord, Research Fellow e Profesora Extraordinaria do Department of Afro-Asiatic Studies, Sign Language and Language Practice da Universidade do Estado Libre, Bloemfontein/República de Sudáfrica.

- Reine Meylaerts, Catedrática de Literatura Comparada da Katholieke Universiteit Leuven (Bélxica), Directora do CETRA (Centre for Translation Studies), Bélxica.
- Teresa Tomasziewicz, Directora do Instituto de Filoloxía Románica da Uniwersytet Im. Adama Mickiewicza de Poznam (Polonia).
- Rodica Dimitriu, Catedra de lengua y literatura inglesas, Universitatea "Al. I. Cuza" Iași (Rumanía).
- Olga Castro Vázquez, directora do Departamento de Estudos de tradución da Universidade de Aston, Birmingham (Reino Unido).

Todos estes profesores e profesoras colaboraban xa co programa de doutoramento anterior e con outros proxectos liderados polo Grupo de investigación Traducción y paratraducción, como o antigo Mestrado de investigación en Tradución e paratradución.

6. No relativo aos convenios de colaboración con institucións internacionais, o programa ten asinado un co Instituto Superior de Contabilidade e Administração do Instituto Politécnico de Porto (ISCAP-IPP) dende o 3 de febreiro de 2016.

Outros dous están en fase de redacción: un coa Universidade de Varsovia e outro conxuntamente coa Universidade de Lisboa, Universidade católica portuguesa e a Universidade Nova de Lisboa a través do seu Programa de doutoramento interuniversitário em Estudos de Tradução. Ámbos os dous están pendentes dos informes xurídicos das nosas contrapartes.

Todos estes convenios teñen como obxectivo fomentar o intercambio científico e académico entre as institucións participantes, así como promover a mobilidade de alumnado e profesorado. A este respecto cómpre mencionar que os intercambios e os contactos co ISCAP de Porto son habituais dende hai varios anos, polo que o convenio vén formalizar unha práctica que xa se realizaba de facto. No caso do convenio coa Universidade de Varsovia, parte da iniciativa dunha tese en réxime de cotutela que se matriculará, por recomendación da EIDO, en canto se asine o acordo.

7. Cómpre sinalar, por último, que a Universidade de Vigo favorece activamente a internacionalización dos seus programas de doutoramento a través da súa política

de relacións internacionais, que se garante, ademais, coa inclusión do Vicerreitor de Relacións internacionais como membro do Comité de dirección da Escola de doutoramento internacional (EIDO), como se pode comprobar na páxina https://uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/estructura/comite/.

En resumo, consideramos que, de acordo con todos os parámetros mencionados anteriormente, este programa de doutoramento ten un grao de internacionalización notable e cumpre, xa que logo, o requisito esixible para os estudos deste nivel.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características do mesmo e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as función e atender ao persoal docente e estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade de Vigo ofrécelles aos programas de doutoramento apoio para a xestión administrativa a través da Escola de doutoramento internacional EIDO, dos PAS asignados aos estudos de posgrao e da Área de apoio á docencia e á calidade. Unha parte dos procesos está ademais informatizada e poden realizarse a través da secretaría virtual da universidade: <https://secretaria.uvigo.gal>.

A EIDO está dirixida por D. Antonio Pino García e conta cun Comité de dirección (ao que pertencen todos os coordinadores e coordinadoras de programas) e unha Comisión permanente:

https://uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/estructura/

Canto aos PAS asignados aos estudos de posgrao, son dúas persoas e están situadas fisicamente na Facultade de filoloxía e tradución, o que facilita a comunicación. Así e todo, coidamos que dúas persoas son poucas para atender 10 mestrados e doutoramentos de varias facultades distintas.

A Área de apoio á docencia e á calidade, dirixida por D. Xosé María Gómez Clemente, xoga un papel moi relevante na xestión da calidade, posta en marcha do SIGC, elaboración de informes, detección de problemas, etc.

Cóstanos tamén que a universidade ofrece cursos de formación específicos para o persoal de administración e servizos que contribúen á súa reciclaxe e actualización, por exemplo, no uso de ferramentas informáticas. Celebráronse tamén accións de formacións específicas para o uso das aplicacións informáticas que se implantaron nos últimos anos destinadas á xestión de procesos administrativos, facturación e outros trámites de carácter económico.

Consideramos, xa que logo, que o persoal de apoio ten a formación axeitada para desenvolver o seu traballo pero tamén é certo, ao noso xuízo, que se debería facer un esforzo para dotar de máis persoal as unidades administrativas.

Facendo unha reflexión crítica sobre a organización administrativa xeral, coidamos que a recente modificación da Relación de postos de traballo (RPT), xunto coas restriccións na contratación de persoal supuxeron unha maior burocratización da vida universitaria e, no caso dos programas de doutoramento, un incremento da carga de traballo administrativo que ten que realizar o PDI, especialmente a coordinación. Isto repercute, como é lóxico, na calidade docente e investigadora do profesorado que desempeña tarefas administrativas.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación ao número de doutorandos de cada liña de investigación e á natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na actualidade podemos manter as afirmacións e valoracións que faciamos no apartado 7 da memoria verificada:

O ensino superior de posgrao de investigación ten uns requerimentos de espazo, infraestruturas e equipamento docente moi altos, sobre todo en comparación con outro tipo de ensinos. Isto é debido á natureza dos estudos, que teñen que ver coas capacidades para suscitar e desenvolver proxectos científicos. A necesidade de dotar ao alumnado dese tipo de competencias, unida a que, como xa se sinalou, o perfil formativo que se pretende desprégase a partir dunha experiencia de coñecemento integrada que, en xeral, combina o coñecemento teórico e práctico, fai que as actividades de docencia-aprendizaxe se poidan desenvolver en espazos, sexan aulas, laboratorios ou plataformas virtuais, que precisan un alto grao de dotación tecnolóxica.

Nos últimos anos a Universidade de Vigo en xeral e a nosa Facultade en particular fixeron un esforzo para a dotación destas infraestruturas que nestes momentos son as axeitadas para o desenvolvemento dos ensinos actuais e para o do título proposto nesta memoria. Nos seus orzamentos anuais, a Universidade de Vigo ten en conta a dotación para laboratorios docentes dos seus Centros e establece a distribución dos fondos atendendo, entre outros parámetros, ao número de estudantes por laboratorio e á aposta dos Centros pola innovación didáctica e tecnolóxica. A partida orzamentaria correspondente permite a renovación e o mantemento das dotacións.

Dende a redacción da memoria e a posta en marcha do programa de doutoramento, os recursos e servizos da Facultade de Filoloxía e tradución enumerados na memoria non só se mantiveron, senón que se viron incrementados en número, calidade e variedade: ampliáronse espazos, melloráronse as súas dotacións, creáronse espazos novos, adquiriuse mobiliario e diversos equipamentos, ampliouse a cobertura da rede inalámbrica, etc.

A Universidade de Vigo e a Facultade de filoloxía e tradución veñen facendo un notable esforzo por mellorar e ampliar as infraestruturas, espazos e dotacións, tanto de aulas e salas de traballo como da biblioteca e outras zonas comúns que están a disposición de todos os usuarios.

Tanto a biblioteca central como a da facultade actualizan constantemente os seus fondos en función, entre outras cousas, das desideratas presentadas polo profesorado e o alumnado. Neste aspecto destaca o notable incremento de fontes de consulta electrónica, fundamentalmente revistas. A isto cómpre sumarlle as convocatorias de adquisición de bibliografía que anualmente convoca o programa de doutoramento con cargo ao seu propio orzamento para que os doutorandos e doutorandas soliciten obras de consulta. Nos últimos anos dedicáronse a esta partida entre 1.100€ e 1.500€ anuais. Para tramitar estas solicitudes, como figura nas actas da Comisión académica, os pedimentos dos estudantes selecciónanse de forma equitativa en función do número de peticións e do seu custo; finalmente transmítense ao servizo de adquisicións da biblioteca da facultade.

Na medida das súas posibilidades, tamén os grupos de investigación participantes no doutoramento contribúen á adquisición de fondos bibliográficos de carácter especializado.

Xunto ao investimento económico na adquisición de bibliografía cómpre destacar tamén o esforzo realizado polo grupo de investigación Tradución e paratradución por manter actualizadas as referencias bibliográficas do concepto sobre o que se artella o programa de doutoramento, a paratradución, recollendo de forma exhaustiva todos os impactos internacionais da noción así como a produción científica dos membros do programa. Estes dous recursos están á disposición dos estudantes e de todos os usuarios nas páxinas web do programa e do grupo de investigación.

Por outra parte, a biblioteca da universidades de Vigo está integrada na rede de colaboración denominada Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (<http://www.bugalicia.org/>), que proporciona acceso a un amplo catálogo de recursos electrónicos. Entre estes recursos podemos citar recursos de texto completo, bases de datos referenciais, o xestor de enlaces SFX Pórtico ou xestores de referencias bibliográficas.

En conclusión, os fondos e bibliográficos e recursos documentais considéranse suficientes e están en constante actualización.

Canto aos espazos de traballo, a Facultade de filoloxía e tradución pon á disposición do programa as aulas, salas de traballo, aulas de videoconferencia, etc. Contamos ademais con dous espazos específicos para que os bolseiros dos grupos de investigación e outros estudantes do programa. Estas salas (43C e 41C) contan co equipamento mínimo para que poidan desenvolver o seu traballo en condicións idóneas.

Cómpre salientar o grande esforzo realizado polo decanato da facultade para, malia a diminución dos recursos económicos, realizar melloras notables en todas as instalacións, tanto na infraestrutura ou na dotación mobiliaria e de equipamentos como na actualización e ampliación de servizos como a rede wifi ou a implantación de tecnoloxía de autogravación nalgúns aulas. Todas as aulas da facultade están equipadas con ordenador, canón e sistemas de audio e vídeo, así como con puntos de conexión á rede eléctrica en todos os postos do alumnado. Contamos tamén con dúas aulas de vídeo conferencia e tres con encerados dixitais interactivos.

A facultade ofrece tamén material diverso que pode ser utilizado por profesorado e estudantes nasúa actividade no centro. O uso deste material está controlado polo servizo de conserxería da facultade mediante un sistema establecido que inclúe o compromiso para un uso adecuado por parte do usuario. Este material consiste en ordenadores portátiles, proxectores dixitais, reprodutores de vídeo en diversos formatos, monitores, cables de conexión, etc.

Desexamos salientar tamén que o grupo de investigación T&P ten cámara de vídeo e fotos, trípode e outros materiais de apoio ás investigacións, gravacións, e outras actividades que están á disposición de todas as persoas que participan no programa de doutoramento.

Neste apartado de recursos e servizos a disposición dos estudantes do programa debemos de mencionar tamén a existencia dunha convocatoria anual de bolsas de mobilidade que realiza a EIDO e que se financia con cargo aos orzamentos de cada programa de doutoramento. Estas bolsas están destinadas a contribuír a sufragar cando menos unha parte dos gastos das estadias de investigación ou de asistencia a congresos ou cursos de interese para o alumnado. En función da dispoñibilidade orzamentaria, o programa convocou ata o momento as seguintes bolsas:

Curso	Número de bolsas	Contía total
2014-15	5	1.750€
2015-16	5	2.500€
2016-17	4	1.000€

A asignación destas bolsas realízase a comisión académica a través dun proceso competitivo baseado nos méritos curriculares e de investigación dos e das solicitantes. Os detalles concretos da asignación da partida económica e da tramitación destas bolsas pódense consultar nas actas da comisión académica que se adxuntan a este informe.

O estudantado dos programas de doutoramento pode beneficiarse tamén da ampla oferta de cursos de formación para a comunidade universitaria que se pode atopar no catálogo do portal de formación Bubela (<https://bubela.uvigo.es/bubela/publico/publico.php>) e que convocan diferentes departamentos da Universidade, como a Área de normalización lingüística, a Biblioteca, o Centro de linguas, etc. Merece especial mención o curso "Información Científica: acceso, xestión, avaliación e publicación (Doutoramento en Tradución e Paratradución)" que a Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación da Biblioteca Central deseñou especificamente para o noso doutoramento. Podemos citar tamén outros cursos pensados para os investigadores e investigadoras en formación, como por exemplo o titulado "Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación", da Área de normalización lingüística.

Podemos rematar esta revisión dos servizos e dotacións facendo referencia ao servizo de reprografía, pois o programa adoita poñer a disposición dos estudantes unha cantidade procedente do seu propio orzamento para que poidan fotocopiar o material que precisen. O propio servizo de reprografía concesionado pola universidade vela polo cumprimento das leis sobre propiedade intelectual. Cómpre engadir que ano tras ano as demandas de fotocopias veñen diminuindo, polo que no último curso se decidiu non contemplar este gasto.

Constatamos, polo tanto, que as dotacións e servizos que temos á disposición do programa de doutoramento e sobre todo dos seus doutorandos e doutorandas son máis que suficientes para o correcto funcionamento do mesmo. Tanto o profesorado como o alumnado do programa valóranos así, ademais, nas enquisas de satisfacción, como se pode comprobar na evidencia "EPD22 Xustificación da suficiencia e adecuación dos recursos materiais e servizos".

5.2.- Os servizos de orientación académica responden as necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o programa de doutoramento xulgamos que os servizos de orientación académica e profesional postos a disposición dos estudantes son axeitados e que funcionan á perfección. A este respecto a única cuestión mellorable sería a atención que os estudantes estranxeiros reciben dende a administración

universitaria xa que, como comentamos máis arriba, só se lles ofrece en galego e castelán. Isto compénsase, no caso do noso doutoramento, porque temos toda a información relevante tamén en inglés na nosa páxina web e porque en moitas ocasións facemos de intermediarios lingüísticos e culturais para facilitar a comunicación dos estudantes coa universidade.

O labor de informar aos estudantes comeza, como xa se indicou máis arriba, no derradeiro ano dos estudos do grao e ao longo do mestrado, cando diferentes representantes do programa participan nas xornadas de presentación de estudos de posgrao organizadas pola facultade. Despois reciben asesoramento tamén no proceso de decisión de se matricularse nun doutoramento ou non; neste caso procuramos amosarlles unha visión o máis obxectiva posible do doutoramento, os seus obxectivos, funcionamento, a relevancia para a súa formación e para a busca de emprego, saídas laborais, etc. Cómpre salientar que malia o obxectivo principal do alumnado para matricularse nun mestrado é obter unha maior capacitación para o desempeño profesional, unha grande porcentaxe dos estudantes que o finalizan optan polo doutoramento como forma de rematar unha formación académica que lles resultou moi atraente. De feito, a maioría destas persoas matriculan proxectos de tese que son continuación dos seus Traballos de fin de mestrado e procuran a desenvolve-lo baixo a dirección da mesma persoa.

Unha vez realizada a matrícula, os estudantes reciben orientación permanentemente por parte da coordinación e do titor/a e director/a con relación a todos os procesos administrativos e académicos que teñen que desenvolver. Reciben tamén información puntualmente sobre cursos, conferencias, congresos, convocatorias de publicacións, bolsas e outro tipo de axudas ás que poden optar, etc. O correo electrónico e a páxina web son fundamentais a este respecto.

O persoal administrativo da EIDO e da unidade administrativa da facultade contribúen co seu asesoramento na tramitación de validacións, baixas, cambios de dedicación, posibles incidencias na matrícula anual, etc.

Por outra parte, a Universidade de Vigo conta con varios departamentos que ofrecen distintos tipos de información para todos os alumnos e alumnas:

- a SIE (Sección de información ao estudante), destinada á "ofrecerlle a todo o alumnado, así como a futuros universitarios, unha información clara e completa sobre todo o concerninte á vida universitaria", como se indica dende a súa páxina web (http://estudiantes.uvigo.es/estudiantes_gl/siope/quen-somos/).
- Área de emprego e emprendemento (<http://emprego.uvigo.es/>).
- Servizo de axudas ao estudo, bolsas e prezos públicos (https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/bolsas/index.html).
- Servizo de mobilidade SICUE da Oficina de relacións internacionais ORI (http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/ori/).
- A propia Vicerreitoría de estudantes (<http://estudiantes.uvigo.es/>) da que dependen as seccións citadas anteriormente.

Con respecto aos servizos de orientación académica e ao resto de servizos que a Universidade ofrece aos estudantes en xeral e en concreto aos estudantes de doutoramento, como se pode ver na evidencia "EPD18 Análise das enquisas de satisfacción", a valoración xeral que se desprende das enquisas é en xeral moderadamente satisfactoria.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.

- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No momento de redactar este informe transcuriron xa 4 cursos académicos dende a posta en funcionamento do programa. As diferentes normativas que regulan os estudos de doutoramento fixan para a redacción e defensa dunha tese un período ideal de entre tres e cinco anos en función da dedicación do doutorando/a; por outra banda, o decreto ministerial toma como un dos indicadores de calidade dos programas de doutoramento a defensa dun mínimo de catro teses cada catro anos.

No epígrafe 1.1. ofrecemos datos e reflexións sobre as particulares características do noso alumnado que determinan unha alta taxa de dedicación a tempo parcial ao doutoramento. Cómpre agora completalos para explicar por que, dende o noso punto de vista, as referidas previsións de resultados non se axustan ao proceso de elaboración dunha tese no eido das Humanidades e, xa que logo, por que o referido indicador das catro teses en catro anos se debería aplicar con certa laxitude. En primeiro lugar, unha investigación realizada dentro de calquera das especialidades denominada Humanidades esixe unha grande cantidade de tempo para a lectura e análise de textos, tanto a literatura científica como o corpus de estudo. Por outra banda, unha grande porcentaxe dos doutorandos/as que traballan no ensino secundario son persoal interino, polo que teñen a obriga de presentarse ás oposicións, o que implica unha certa desatención ao doutoramento durante uns meses case cada ano. Por último, outra cuestión que cómpre considerar é a dificultade de conseguir bolsas de estudo que faciliten unha dedicación a tempo completo á realización da tese. A porcentaxe de alumnado que conseguiu algún tipo de bolsa é do (7,5%; 42,5% se incluimos as bolsas de mobilidade da Universidade de Vigo), que non é en absoluto satisfactorio pero representa un pequeno logro nunhas circunstancias caracterizadas pola austeridade e os recortes orzamentarios no ensino e na investigación.

De todos os xeitos, malia as circunstancias indicadas nos parágrafos anteriores, ao longo das catro edicións do programa avaliadas neste informe, cubríronse o 100% das prazas cunha taxa de abandono de só o 11,1% (5 do total de 45 persoas matriculadas), o cal se pode considerar un resultado moi positivo.

En todo caso, e como tamén se apuntou máis arriba, no período avaliado conseguíronse defender 11 teses do programa de doutoramento anterior e outras cinco están próximas a ser depositadas. Os autores e autoras de todas elas adquiriron as competencias relacionadas coa investigación que segundo o RD 99/2011 de 28 de febreiro debe transmitir un programa de doutoramento. De feito, no punto 1.2. da memoria verificada xa sinalabamos que

A lo largo de estos nueve años y desde la ubicación privilegiada de la Universidad de Vigo, el Programa Doctoral ha demostrado ser un posgrado de investigación representativo del Espacio Europeo de Educación Superior ya que ha respondido perfectamente a la demanda de formación de posgrado tanto por parte del alumnado de la titulación del grado en Traducción e Interpretación de la Universidade de Vigo como por parte del estudiantado procedente de universidades portuguesas (carentes en la actualidad de una oferta formativa equivalente) cubriendo la necesidad de ofrecer una formación adicional para mejorar las perspectivas propias de la carrera profesional. Conviene destacar que, en estos momentos, no existe en las tres universidades de la Comunidad Autónoma de Galicia una oferta de programa de doctorado equivalente al que se propone en esta Memoria.

En este sentido, al presentar esta Memoria de Verificación para su renovación queremos seguir ofreciendo un conjunto equilibrado de contenidos teóricos y prácticos con vistas tanto a la investigación como a la preparación de los/as profesionales de la traducción y la interpretación. Así pues, el programa de Doctorado en Traducción & Paratraducción por la Universidad de Vigo es un programa doctoral que quiere seguir respondiendo a la transformación teórica y metodológica que ha vivido el área científica de Traducción e Interpretación en la última década, ofreciendo contenidos teóricos procedentes de las distintas fases de descripción, estudio y análisis de las actuales realidades socioprofesionales de la era digital. Lo cual garantiza, desde el principio, la continuidad entre teoría y práctica. No es un posgrado teórico que se interese accesoriamamente por la vida real, sino que es un todo un programa doctoral dirigido a la investigación doctoral a partir de las prácticas profesionales y cotidianas que nos rodean.

[...]


El actual programa de doctorado con mención de calidad del Ministerio de Ciencia e Innovación (D_T&P, <http://www.paratraduccion.com/index.php/es/master.html>), que se proyectó y se coordina desde grupo T&P, se ha establecido ya como un programa doctoral transdisciplinario, interdepartamental e internacional. D_T&P constituye unos de los primeros programas doctorales en red de la Universidade de Vigo y pretende constituirse en programa de referencia en su ámbito a nivel europeo e internacional.

Nesta memoria as competencias que deben adquirir os doutorandos e doutorandas están clasificadas en tres categorías: básicas, persoais e outras. Como é preceptivo, todas elas adecúanse ao nivel 4 do Marco español de cualificacións para a educación superior publicado no RD 1027/2011 de 15 de xullo e tamén ao RD 196/2016 de 13 de maio polo que se establecen os requisitos par a expedición do Suplemento europeo ao título universitario de doutor. Garántese así que os egresados do título poidan solicitar o certificado de correspondencia de títulos para dedicarse á investigación en centros do EEES (Espazo europeo de educación superior).

Toda esta información, xunto á relación completa de competencias obxecto do programa de doutoramento recollida no capítulo 2 da memoria verificada, pódese atopar publicada na páxina web da EIDO da Universidade de Vigo (http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/oferta/#artes_humanidades).


Contribucións científicas derivadas das teses

Malia o programa non contar aínda con teses defendidas, si podemos aducir como proba de que os estudantes están a adquirir as competencias de investigación previstas na memoria un grande número de contribucións científicas, como se pode verificar na evidencia "EPD24 Táboa V Contribucións científicas", da cal tiramos os datos que se reproducen a continuación. Trátase en todos os casos de traballos relacionados directamente coas investigacións que están a desenvolver no programa de doutoramento.



Os nosos doutorandos e doutorandas realizaron un total de 99 contribucións científicas relevantes, 85 das cales fixéronas dende a implantación do programa no curso 2013-14. Cómpre destacar especialmente que nos tres últimos anos (2015 a 2017) realizaron unha media e 21 contribucións por ano.

No que se refire ao tipo de traballos científicos, como se amosa no gráfico seguinte, 37 foron relatorios presentados en congresos e reunións científicas de carácter internacional; outros 61 traballos consistiron en artigos en revistas, capítulos de libro, libros ou recensións, todos eles publicados en editoriais de ámbito internacional. Un dos traballos recollidos na evidencia EPD4 Táboa V é unha tese de doutoramento, defendida por unha das nosas doutorandas na Universitat Autònoma de Barcelona.



6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.

- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora do programa e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indicou en epígrafes anteriores, durante o período avaliado as 11 teses defendidas corresponden a proxectos matriculados no programa de doutoramento anterior. Destas teses derivouse tamén un importante número de contribucións científicas en congresos, actas, capítulos de libro, etc.

No capítulo 8 da memoria verificada indícase, a propósito dos resultados previstos para estre programa de doutoramento:

Resultados previstos

Resulta evidente que los estudios de posgrado en Traducción e Interpretación se caracterizaban por un aumento rápido y una cierta estabilización en el número de alumnas/os. También se constata un número relativamente alto de abandono por parte del alumnado de sus estudios ante el clima de inestabilidad laboral y cambios sociales. Este panorama podrá mantenerse a medio plazo.

Sin embargo es nuestra intención prevenir el probable descenso ante la perspectiva de una potencial saturación del mercado y reducir el número de plazas ofertadas de manera gradual. Nuestro objetivo es, obviamente, alcanzar unos resultados en los que la formación del alumnado conlleve mejores resultados en las tasas actuales de formación avanzada y una disminución de las de abandono, que nos lleva a realizar la siguiente previsión:

Tasa de graduación prevista:	80%
Tasa de abandono prevista:	20%
Tasa de eficiencia prevista:	90%

[...]

Con la tasa máxima de matriculados del programa objeto de esta Memoria, la previsión del programa es alcanzar como mínimo una tasa de éxito del 45%, teniendo en cuenta a las personas matriculadas que no hayan defendido su tesis cuando se extingan los programas de doctorado anteriores al RD 99/2011.

La previsión a medio y largo plazo consiste en sostener una tasa del 80% de éxito anual, para una población doctoranda que no supere los 40 matriculados.

Á vista dos datos indicados anteriormente, sobre todo no que se refire á taxa de abandono do 11,1%, estamos en condicións de afirmar que non só se cumpriron as previsións da memoria verificada, senón que se melloraron notablemente.

Unha vez que, como está previsto, ao longo do curso 2017-18 e 2019-29 se defendan as primeiras teses de doutoramente e a EIDO nos proporcione os distintos indicadores, a Comisión académica establecerá as medidas axeitadas para o control e seguimento de todos os datos e habilitará medidas para mellorar os aspectos que o precisen. En todo caso, e mesmo sen teses defendidas, a

experiencia acumulada nestes anos e a reflexión precisa para a redacción do presente autoinforme xa están dando lugar á detección de elementos que cómpre mellorar e que se recollen nas propostas de mellora coas que remata este documento.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso ao programa de doutoramento, como xa se indicou no epígrafe 1.1. deste mesmo informe, indica que os estudantes matriculados nos cursos obxecto de avaliación cumpren perfectamente os requisitos do nivel 4 MECES. Todos os doutorandos e doutorandas posúen as titulacións requiridas indicadas na memoria verificada: unha licenciatura ou grao en Tradución e interpretación ou idiomas máis un mestrado ben en Tradución e interpretación, ben nunha serie de disciplinas próximas que se detallan na páxina 20 da memoria verificada. Deste xeito, das 40 persoas matriculadas no período analizado, o 50% teñen estudos de grao en tradución e interpretación máis un mestrado da mesma especialidade; o 37,5% teñen distintos graos (tradución, inglés, francés, hispánicas, galego, linguas modernas) máis mestrados en tradución e interpretación, ou DEA ou a suficiencia investigadora tamén en programas de tradución e interpretación; o 7,5% fixeron as antigas licenciaturas, que permiten o acceso directo ao doutoramento; e finalmente o 5% (2 persoas) accederon estando en posesión xa doutro título de doutoras. Unha conclusión que podemos tirar destes datos é que, malia a metade do noso alumnado proceder do eido dos estudos de tradución e interpretación, o Programa de doutoramento en Tradución e paratradución é quen de atraer persoas de distintos ámbitos, distintas combinacións lingüísticas e distintos intereses profesionais e de investigación.

Xa se indicou en epígrafes anteriores que non contamos aínda con teses defendidas entre o alumnado de novo ingreso; malia a todo, e á vista da produción científica, das bolsas acadadas e das estadías de investigación dos nosos estudantes, estamos en condicións de poder afirmar que os doutorandos e doutorandas adquiren ao longo do programa as competencias investigadoras recollidas na memoria verificada. Como proba disto temos as publicacións en revistas e monografías de grande impacto e a participación con relatorios nos principais foros internacionais. En definitiva, este programa vai cubrindo etapas no seu obxectivo de formar persoal docente e investigador no eido dos Estudos de tradución e interpretación; nos próximos meses rematarán este percurso, como xa se indicou, polo menos cinco dos nosos doutorandos e doutorandas.

Un último punto que queremos destacar a este respecto é que segundo as enquisas desenvolvidas na Universidade de Vigo (véxase o documento EPD18), o alumnado do programa está moi satisfeito co desenvolvemento do mesmo e coa capacitación que recibe. A acción de mellora que queremos desenvolver a respecto desta cuestión achegará novos datos que nos permitirán avaliar con maior detalle o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese, especialmente o dos estudantes.

6.4.- A satisfacción do estudantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016-17 a Universidade de Vigo implantou as enquisas de satisfacción entre o alumnado matriculado nos programas de doutoramento coa finalidade de coñecer este parámetro con respecto ao curso 2015-16. A enquisa realizouse en liña, mediante un sistema de autenticación previa do estudantado participante a través do seu acceso persoal á Secretaría virtual da Universidade.

Desenvolvéronse dúas enquisas, unha para os estudantes matriculados no primeiro ano do doutoramento no curso 2015-16 e outra para os estudantes que nese mesmo curso estaban matriculados no terceiro ano do doutoramento. Posteriormente repetiuse a enquisa para o curso 2016-17.

Curso 2015-16

En canto ao Programa de doutoramento en Tradución e paratradución, os resultados son os seguintes:

a) Enquisa de primeiro curso:

- participación: 36% do total de estudantes matriculados no primeiro curso dos estudos de doutoramento. Trátase dun dato que está por debaixo da media da Universidade (52%) e que motiva unha acción de mellora para o futuro.
- valoración global de satisfacción: 3,36/5. O resultado é satisfactorio e está claramente por riba do aprobado (2,5).
- as valoracións de todos os bloques de preguntas foron positivas ou moi positivas, é dicir, superiores a 3. Nalgúns casos chegouse ao 4 e ao 4,25, superando a media da Universidade de Vigo; trátase en concreto dos bloques de preguntas relativos ao labor dos titores, directores, PAS do centro e Sección de posgrao. As valoracións relativas á coordinación do programa e ao seu profesorado foron tamén claramente positivas. As valoracións máis baixas son as relacionadas coa información previa e os procedementos administrativos e telemáticos. A coordinación entende que estas valoracións máis baixas se deben, en primeiro lugar, a que no curso 2015-16 coexistían aínda na secretaría virtual da Universidade versións antigas e desactualizadas do Compromiso de supervisión e do Documento de actividades xunto cos novos formularios en liña dos mesmos documentos. Por outra parte, a Coordinación do programa recibía daquela e segue a recibir, queixas do alumnado extranxeiro pola falta de información xenérica dos estudos de doutoramento en inglés. O programa de doutoramento en Tradución e paratradución ten toda a súa documentación en galego, castelán e inglés, pero o certo é que a EIDO

aínda non se puxo ao día neste aspecto. Nas accións contempladas no plan de mellora faise referencia a estas cuestións.

b) Enquisa de terceiro curso:

- participación: 33% do total de estudantes matriculados no terceiro curso dos estudos de doutoramento. Trátase dun dato que está por debaixo da media da Universidade (44%) e que motiva unha acción de mellora para o futuro.
- valoración global de satisfacción: 2,60/5. O resultado non é satisfactorio por estar por baixo do que se considera aprobado (3). Malia que neste caso só participou na enquisa unha persoa de tres matriculadas, polo cal o resultado dista de ser significativo, terase en conta nas accións de mellora propostas.
- Facendo unha valoración global da enquisa podemos ver que hai uns valores extremos no positivo (5) e no negativo (1) que ben se poderían explicar pola diferenza nos temas avaliados en cada unha das preguntas. Véxase, por exemplo, a diferenza existente entre as valoracións das preguntas 9 (puntuación: 5) e 10 (puntuación: 1) respecto do coñecemento do sistema de bolsas. Ou as valoracións das preguntas 12, 13, 14 e 15 (valoración: 1) fronte á pregunta 16 (valoración: 3), todas elas relativas aos procedementos administrativos. Outras posibles explicacións para estes valores dispares poderían ser ou ben algún defecto na elaboración da enquisa ou ben un nesgo debido á baixa participación. A CAPD coida, por iso, que, aínda que se teñan en conta os datos da enquisa para propoñer accións de mellora (sobre todo no que respecta a millorar a información ofrecida ao alumnado e fomentar a participación na enquisa), non se pode considerar que os datos sexan significativos, nin para as valoracións positivas nin para as valoracións negativas.

Curso 2016-17

Na valoración da enquisa do curso 2016-17 cómpre destacar que, no primeiro curso, aumenta claramente a porcentaxe de participación: 65% fronte a 36% na enquisa anterior, o que se reflicte nunha valoración global moito mellor: (3,53 puntos sobre 5 fronte a 3,36 sobre 5 da enquisa anterior) sobre todo no que

respecta aos axentes implicados (titor/a, director/a, coordinadora, profesorado) e aos medios e servizos. Todas estas valoracións están por riba das medias da universidade.

Algo moi semellante ocorre nas enquisas do terceiro ano do curso 2016-17. A participación aumenta do 33% ao 67% e a valoración global sobe tamén dos 2,60 puntos aos 3,33 puntos sobre cinco. As valoracións por bloques experimentan tamén unha clara mellora, sobre todo no que respecta aos axentes implicados: titor/a (3,6), director/a (3,17), coordinadora (3,5), profesorado (4) e aos medios (3,17) e servizos (2,5). Todas as valoracións están por riba das medias da universidade.

Valoramos moi positivamente os resultados das enquisas ao alumnado de 3º ano, tanto do curso 2015-16 como do curso 2016-17, por canto este é un subgrupo con percorrido e experiencia no programa, que puido acumular observacións e reflexións sobre o seu funcionamento e, polo tanto, está en posición de emitir xuízos ben fundamentados. Parécenos aínda máis relevante o que revela de progresión ascendente e, por tanto, de consecución de obxectivos deste programa.

En función destes datos e do trato directo co alumnado do programa estamos en condicións de afirmar que a valoración global da satisfacción dos nosos doutorandas e doutorandas co programa é boa ou moi boa.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se incluíran na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria verificada deste programa de doutoramento presenta nas páxinas 15 e 16 un «catálogo de intencións básicas do programa» no que se recollen os obxectivos de formación que idealmente buscarían os nosos doutorandos e doutorandas. Estas estimacións baseábanse na experiencia do programa de doutoramento anterior e indicaban que, malia a meirande parte dos egresados do grao e da licenciatura incorporárense ao mercado laboral, unha certa porcentaxe desexaba unha ampliación da súa formación teórica, ben por inquiredanza persoal, ben como argumento e ferramenta para a mellora no posto de traballo que xa desempeñaban.

Por outra parte, no epígrafe 1.1. deste autoinforme indicouse xa que contamos no noso alumnado con máis de 20 (>50%) persoas que se dedican profesionalmente á tradución, ben como autónomas ben como traballadoras por conta allea; 11 persoas (27,5%) vinculadas profesionalmente ás Universidades de Vigo ou ao ISCAP (Instituto Superior de Contabilidade e Administración do Porto); e 5 persoas (12,5%) docentes en institutos de ensino secundario e escolas oficiais de idiomas de Galicia e do País Vasco.

Cando falamos, xa que logo, dos resultados do programa de doutoramento e do perfil de egreso non podemos mirar só para o número de persoas que atopa traballo despois de defender a tese de doutoramento, senón, sobre todo, aquelas que o manteñen e/ou o melloran. Dado que aínda non contamos con teses defendidas do alumnado de novo ingreso, o único indicador que podemos aducir neste momento é que a taxa de dedicación a tempo parcial por motivos laborais entre os nosos estudantes é todos os cursos de entre o 58% e o 66%.

Os datos contrastados que si podemos ofrecer son os referidos aos doutorandos e doutorandas procedentes do programa de doutoramento anterior e que defenderon as súas teses ao longo dos cursos que se están a avaliar:

Alumno/a	Data defensa	Posto de traballo actual
F.M., E.M.	18/10/2013	ISCAP do Porto
A.B.B.C., M.A.	20/12/2013	ISCAP do Porto
C.M.F., M.A.	07/03/2014	ISCAP do Porto
M.R., V.	11/12/2015	Tradutora autónoma
V.V., T.	23/11/2015	Universidade de Vigo

B.O., P.	14/12/2015	Tradutora autónoma
D.S., R.E.	28/10/2015	ISCAP do Porto
M.T., C.V.	4/05/2015	ISCAP do Porto
R.M., M.	29/10/2015	Tradutora e intérprete autónoma
F.V., O.	01/02/2016	Universidade de Vigo
A.M., G.	28/02/2016	Tradutor e intérprete autónomo

Como se pode ver na táboa anterior, o 63,6% destas persoas está vinculada a institucións de ensino superior (ISCAP e Uvigo) e o 36,4% traballa principalmente como profesional autónomo.

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS

CRITERIO 2 (Información e transparencia) e 4 (Recursos humanos)	
Denominación da proposta	Mellora da información ao PDI sobre a estrutura do programa e a aplicación informática
Punto débil detectado/Análise das causas	Detéctase que o PDI do programa non sempre conta con información completa sobre distintos aspectos administrativos do funcionamento e estruturación do título. En concreto son frecuentes as dúbidas sobre a aplicación informática da secretaría virtual. Hai tres cuestións que merecen unha mellora: a) a propia secretaría virtual do PDI non sempre amosa a información dun xeito claro; b) nin o PDI nin a coordinación teñen acceso á secretaría virtual dos estudantes ou a un modelo xeral, polo que non sempre están en condicións de responder as dúbidas dos seus respectivos doutorandos e doutorandas a este respecto; c) o PDI e a coordinación descoñecen tamén o contido das diferentes pantallas do proceso de matrícula, polo que non sempre poden solucionar as dúbidas dos candidatos e candidatas. Detéctase por iso a necesidade de solucionar esta carencia e ofrecer unha información completa ao PDI.
Ámbito de aplicación	PDI do programa de doutoramento
Responsable da súa aplicación	EIDO e CAPD
Obxectivos específicos	Fornecer ao PDI con información detallada sobre os distintos procesos administrativos do programa de doutoramento.

	Facilitarlle ao PDI información sobre os contidos da secretaría virtual dos estudantes e sobre os contidos da aplicación de automatrícula.
Actuacións a desenvolver	1. A coordinación celebrará unha sesión informativa co PDI do programa para fornecer información detallada sobre os distintos procesos administrativos do programa. 2. A coordinación solicitaralle á EIDO que facilite ao PDI información sobre os contidos da secretaría virtual dos estudantes e sobre os contidos da aplicación de automatrícula.
Período de execución	Ata decembro de 2018.
Recursos/financiamento	Non son precisos recursos nin financiamento.
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Informe aprobado pola CAPD.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 2 (Información e transparencia)	
Denominación da proposta	Revisión e actualización da información ofrecida na páxina web do programa
Punto débil detectado/Análise das causas	O programa conta unha páxina web propia (http://paratraduccion.com/doctorado/) que se actualiza constatemente con información académica e administrativa relativa ao programa e tamén con convocatorias e outras informacións de interese para PDI e estudantes: bolsas, ofertas de emprego, cursos, congresos, convocatorias de publicacións, etc. Durante a realización do autoinforme de seguimento detectouse que algunhas informacións e indicadores do programa non estaban publicados, malia dispoñer deles. Iniciouse de contado unha acción para solucionar esta carencia e constatouse a necesidade de manter os datos actualizados.
Ámbito de aplicación	Páxina web do programa
Responsable da súa aplicación	A CAPD
Obxectivos específicos	Revisar, completar e actualizar a información académica e administrativa, así como os indicadores do programa que se recollen na páxina web.
Actuacións a desenvolver	1. Revisar a información ofrecida na páxina web. 2. Completar a información, facendo especial referencia aos indicadores. 3. Manter a información actualizada. En concreto, débense actualizar os indicadores polo menos unha vez cada curso.
Período de execución	Decembro de 2018.

Recursos/financiamento	Non son precisos recursos nin financiamento
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Informe aprobado pola CAPD. A propia páxina web do programa.
Observacións	
Esta acción de mellora púxose en marcha ao mesmo tempo que se elaboraba o autoinforme de seguimento.	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 2.3. (Información e transparencia)	
Denominación da proposta	Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	A web da Eido non dispón dunha estrutura onde se poida realizar un fácil acceso á información relevante do SGC.
Ámbito de aplicación	SGC da Eido.
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido.
Obxectivos específicos	Deseñar a estrutura que permita un doado acceso á información do SGC.
Actuacións a desenvolver	- Deseñar a estrutura de calidade da web. - Implantar a estrutura de calidade.

	- Cargar a información relevante dispoñible do SGC.
Período de execución	3º trimestre de 2017.
Recursos/financiamento	Colaboración da Área TIC.
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido.
Indicadores de execución	--
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información dispoñible na web sobre o SGC.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 3 (Sistema de garantía de calidade)	
Denominación da proposta	Desenvolver os procedementos do SGC da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	O SGC da Eido está en fase de deseño e desenvolvemento, polo que cómpre elaborar a documentación (procedementos) seguindo o mapa de procesos establecido no Manual de Calidade.
Ámbito de aplicación	SGC da Eido.
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido.

Obxectivos específicos	Elaborar os procedementos do SGC.
Actuacións a desenvolver	- Elaborar as propostas de procedementos. - Validar as propostas na Comisión de Calidade. - Aprobar as propostas no Comité de Dirección.
Período de execución	4º trimestre de 2018.
Recursos/financiamento	Grupo de traballo (persoal da Área de Calidade, Eido, Servizo de Posgrao e as persoas que, en función dos contidos de cada procedemento, se poidan incorporar).
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido. Xuño 2018.
Indicadores de execución	--
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da Comisión de Calidade e do Comité de Dirección nas que se reflictan a validación e aprobación dos procedementos de calidade.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 3 (Sistema de garantía de calidade)	
Denominación da proposta	Deseño da medición da satisfacción dos grupos de interese da EIDO
Punto débil detectado/Análise das causas	Dispor de mecanismos de recollida de opinión dos grupos de interese máis relevantes dos programas de doutoramento da Eido. A situación actual é a seguinte: 1. Estudantado: o curso 2015/16 xa se puxo en marcha a avaliación de satisfacción. A metodoloxía elixida foi a enquisa: unha para o estudantado de 1º ano e outra para o de 3º ano. Posto que ten unha frecuencia anual, realizarase de novo este curso. O curso 2016/17 realizouse por segunda vez esta avaliación. 2. Outros grupos de interese relevantes (profesorado –direccións de teses, titores/as-, persoal de administración e titulados/as): non se dispón, polo de agora, de mecanismos para recoller sistematicamente a súa opinión. A comisión de calidade da Eido debe deseñar un programa de medición da satisfacción adaptado.
Ámbito de aplicación	Todos os PD adscritos á EIDO.
Responsable da súa aplicación	Comisión de Calidade da EIDO.
Obxectivos específicos	Dispor de resultados de satisfacción dos grupos de interese que permitan mellorar os programas de doutoramento.
Actuacións a desenvolver	- Deseñar e aprobar un programa de medición da satisfacción adaptado aos grupos de interese máis relevantes da Eido

	(previsto para a vindeira comisión de calidade). - Implantar o programa.
Período de execución	Curso 2017-18 e 2018/19.
Recursos/financiamento	--
Responsable do seguimento e data	Coordinador de calidade da EIDO. Xuño 2018.
Indicadores de execución	--
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Deseño do programa de medición da satisfacción. Informes de resultados de avaliación da satisfacción.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 2 (Información e transparencia), 4 (Recursos humanos), 6 (Resultados)

Denominación da proposta	Homoxeneización dos criterios de avaliación das actividades formativas
Punto débil detectado/Análise das causas	Detéctase un certo grao de heteroxeneidade nos criterios empregados polo PDI na avaliación das actividades formativas ofrecidas no seo do programa, polo que se

	fai preciso establecer un protocolo de actuación uniforme, tanto para o seguimento presencial das actividades como para os seguimento a distancia.
Ámbito de aplicación	PDI do programa.
Responsable da súa aplicación	A CAPD.
Obxectivos específicos	Establecer un protocolo de avaliación das actividades formativas.
Actuacións a desenvolver	1. Analizar os sistemas de avaliación empregados polo PDI. 2. Establecer un protocolo único de avaliación.
Período de execución	Decembro de 2018.
Recursos/financiamento	Non son precisos recursos nin financiamento.
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Informe aprobado pola CAPD.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 2 (Cumprimento do proxecto establecido), 5 (Recursos materiais e servizos), 6(Resultados do programa formativo)	
Denominación da proposta	Aumento do número de teses defendidas
Punto débil detectado/Análise das causas	Non se defendeu ningunha tese dentro do prazo inicial de 3 anos. Todo o alumnado do 3º ano necesita solicitar prórrogas ou pasar a tempo parcial. S causas detectadas son as seguintes: a) maioritariamente porque o alumnado traballa a tempo completo ou a tempo parcial; b) o alumnado preséntase a oposicións de ensino secundario; c) o alumnado carece de bolsa que lle permita dedicarse á tese a tempo completo; d) por razóns familiares ou de saúde; e) puntualmente, por razóns relacionadas co proxecto de tese (necesidades de máis documentación, tempo para elaborar análises ou elaborar a redacción final, etc.).
Ámbito de aplicación	O programa de doutoramento.
Responsable da súa aplicación	A CAPD
Obxectivos específicos	- Procurar conseguir as condicións que reduzan o número de solicitudes de prórroga e favorezan rematar as teses dentro do prazo inicial. - Alternativamente, revisar o prazo inicial e aumentalo a catro anos. - Solicitar ás autoridades competentes a ampliación das bolsas para o alumnado de doutoramento
Actuacións a desenvolver	- Aconsellar ao alumnado traballador que se matricule o principio en modo parcial. - Intensificar os apoios ao alumnado na busca e solicitude de bolsas. - Buscar vías de financiamento para convocar bolsas que non sexan exclusivamente de mobilidade (por exemplo a través da integración en proxectos de investigación). - Solicitar ás direccións de tese a realización de seguimentos e asesoramentos máis específicos que melloren a organización das tarefas e traballos do estudantado. - Promover un debate na EIDO sobre a conveniencia de suxerir ás instancias

	competentes aumentar o prazo inicial de tres anos a catro ou mesmo a cinco anos.
Período de execución	Decembro de 2018.
Recursos/financiamento	Non son precisos recursos nin financiamento.
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Informe aprobado pola CAPD.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 2 (Información e transparencia), 3 (Sistema de garantía de calidade), 6 (Resultados do programa formativo)

Denominación da proposta	Mellorar a participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción
Punto débil detectado/Análise das causas	Á vista dos resultados das enquisas de satisfacción (Véxase EPD 18 Análise das enquisas de satisfacción), constátase que a participación do alumnado neste proceso de consulta é manifestamente mellorable. Para obter unha diagnose máis exacta e fiable do grao de satisfacción do alumnado en relación ao programa de doutoramento é preciso acadar unha maior participación dos doutorandos e doutorandas.

	Malia que a EIDO e a CAPD desenvolveron unha campaña de difusión das enquisas entre o alumnado de primeiro e terceiro anos, a participación non supera o % en primeiro curso e o % en terceiro.
Ámbito de aplicación	O programa de doutoramento
Responsable da súa aplicación	A CAPD
Obxectivos específicos	Mellorar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción elaboradas pola EIDO.
Actuacións a desenvolver	1. Información ao alumnado sobre a relevancia das enquisas de satisfacción. 2. Maior insistencia na difusión das enquisas de satisfacción da EIDO entre o alumnado.
Período de execución	Decembro de 2018
Recursos/financiamento	Non son precisos recursos nin financiamento
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Informe aprobado pola CAPD. Resultados das enquisas de satisfacción.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 1 (Xestión do programa), 4 (Recursos humanos), 6 (Resultados do programa formativo)	
Denominación da proposta	Mellora da internacionalización
Punto débil detectado/Análise das causas	Malia o programa de doutoramento contar cun 30% de alumnado procedente de universidades extranxeiras (12 persoas do total de 40 matriculados no momento de redactar o autoinforme), estímase que se trata dunha porcentaxe que se podería aumentar. Estímase tamén que o atranco principal para a internacionalización é que non se ofrecen lingua inglesa información xenérica sobre os doutoramentos, requisitos xerais de acceso, proceso de matrícula, percurso dos estudantes, etc. Constátase tamén que a porcentaxe de profesorado estranxeiro que está a dirixir ou codirixir teses é demasiado baixa.
Ámbito de aplicación	O programa de doutoramento.
Responsable da súa aplicación	A CAPD.
Obxectivos específicos	- Atraer máis alumnado procedente de universidades extranxeiras. - Captar directores/as e codirectores/as de universidades extranxeiras. - Asinar máis convenios de colaboración con programas de doutoramento de universidades extranxeiras.
Actuacións a desenvolver	- Difundir información sobre o doutoramento en ámbitos internacionais. - Establecer convenios de colaboración con programas de doutoramento de universidades extranxeiras.
Período de execución	Decembro de 2018
Recursos/financiamento	Non son precisos recursos nin financiamento
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se	Informe aprobado pola CAPD. Planos de investigación aprobados.

presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 1 (Organización e desenvolvemento), 2 (Información e transparencia), 3 (Sistema de garantía de calidade), 4 (Recursos humanos), 5 (Recursos materiais e servizos), 6 (Resultados do programa formativo)	
Denominación da proposta	Mellora da satisfacción xeral co programa e doutoramento
Punto débil detectado/Análise das causas	Dos resultados das enquisas de satisfacción (EPD 18) despréndese que os aspectos nos que a satisfacción do alumnado é máis baixa son os que teñen que ver coa información previa e cos procedementos administrativos e académicos. Constátase tamén unha evidente diferenza entre os resultados das enquisas do alumnado de primeiro curso e o de segundo curso. É preciso, xa que logo, establecer unha serie de medidas que posibiliten una mellora da información que recibe o alumnado de primeiro curso, así como medidas destinadas a comunicar máis eficazmente os contidos dos procedementos administrativos e académicos.
Ámbito de aplicación	O programa de doutoramento, en concreto o alumnado de primeiro e terceiro cursos.
Responsable da súa aplicación	A CAPD.
Obxectivos específicos	- Aumentar o grao de satisfacción xeral do alumnado do programa.

	- Mellorar a información sobre os procedementos administrativos e académicos do programa de doutoramento.
Actuacións a desenvolver	- Analizar, completar e mellorar a información previa que reciben os/as posibles candidatos/as a matricularse no programa de doutoramento. - Analizar, completar e mellorar a información que recibe o alumnado con relación aos procedementos administrativos e académicos do doutoramento.
Período de execución	Decembro de 2018.
Recursos/financiamento	Non se precisan recursos nin financiamento.
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Informe aprobado pola CAPD. Información ofrecida aos estudantes a través da páxina web.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 6 (Resultados do programa formativo)	
Denominación da proposta	Seguemento dos egresados e da empregabilidade real
Punto débil detectado/Análise das causas	No "Informe final evaluación de la solicitud de verificación de título oficial" do Programa de

	doutoramento en Tradución e paratradución emitido pola ACSUG o 26 de xullo de 2013 (nº de expediente: 6917/2013), sinalábase a necesidade de elaborar unha previsión de empregabilidade dos/as doutorandos/as nos tres anos posteriores á defensa da tese. Malia o programa non contar aínda con teses defendidas, elaborou un documento sobre empregabilidade (Véxase criterio 1.5. supra) baseado nos resultados do programa de doutoramento anterior e nos datos sobre ocupación laboral do alumnado actual. Como é lóxico, o programa está pendente aínda de levar a cabo o seguemento dos egresados e da súa empregabilidade real. Estes datos deberán reflectir non só as porcentaxes de persoas que atopan traballo tras rematar o doutoramento (e grazas a el), senón tamén a porcentaxe de persoas que conservan o seu posto de traballo e mesmo melloran as súas condicións laborais grazas ao doutoramento. Este seguemento, idealmente, debería facerse durante os tres anos posteriores á defensa da tese. Así e todo, a comisión académica é consciente da dificultade de conseguir que os egresados e egresadas manteñan un contacto periódico co programa de doutoramento ou cos seus respectivos directores ou directoras de tese e, xa que logo, da dificultade de conseguir que estas persoas cubran enquisas sobre empregabilidade e/ou estabilidade laboral. De todos os xeitos, a Comisión académica propónse elaborar unha enquisa periódica (ano 1, ano 2 e ano 3 tras a defensa da tese de doutoramento) destinada ao alumnado egresado na que se preguntará sobre a relación entre a tese de doutoramento e a consecución/mantemento/mellora do posto de traballo.
Ámbito de aplicación	Egresados do programa de doutoramento.
Responsable da súa aplicación	A CAPD.
Obxectivos específicos	Obter información sobre a empregabilidade dos egresados nos tres anos posteriores á defensa da tese de doutoramento.
Actuacións a desenvolver	- Elaboración dunha enquisa sobre empregabilidade posterior á defensa da tese de doutoramento.

	- Elaboración dunha base de datos de alumnado egresado. - Campaña de captación de respostas á enquisa. - Estudo dos datos obtidos na enquisa.
Período de execución	Decembro de 2018 para a elaboración da enquisa. Anos seguintes para a campaña de captación de respostas á enquisa.
Recursos/financiamento	Non se precisan recursos nin financiamento.
Responsable do seguimento e data	A CAPD, responsable do SGC da EIDO. Xaneiro de 2019 para a elaboración da enquisa. Anos seguintes para a campaña de captación de respostas á enquisa.
Indicadores de execución	Informe aprobado pola CAPD.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Informe aprobado pola CAPD. Enquisa enviada aos egresados e egresadas.
Observacións	
O informe sobre empregabilidade pódese consultar no criterio 1.5. supra e na acta da comisión académica de data 6 de febreiro de 2018.	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	